

Achegamento á vida e á obra de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Patricia Arias Chachero¹

Para Pedro Petouto. Tamén²

Recibido: 15 de outubro de 2018 / Aceptado: 20 de novembro de 2018

Resumo. O pasado 23 de setembro falecía, en Vigo, a profesora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, a principal estudiosa da biografía de Rosalía de Castro. Con 57 anos acabados de cumprir, era unha investigadora rigorosa que valoraba a documentación obxectiva e a información contrastada. Discreta, afastada dos círculos culturais galegos, moitos coñecían a súa obra pero poucos a súa persoa. En trinta anos realizou importantes achegas sobre a familia de Rosalía, sobre o seu epistolario e amizades literarias. Ademais, deu a coñecer outros documentos relevantes e un libro no que se reúnen unha colección de comedias representadas no Liceo de la Juventud, en Compostela, por esta figura clave do Rexurdimento galego. Como investigadora tamén levou a cabo traballos sobre Eduardo Blanco Amor, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Murguía e distintas figuras da literatura galega. A estudiosa viguesa deixa unha gran cantidade de traballos inéditos. Antes de morrer expresou a vontade de que a súa valiosa biblioteca e o seu riquísimo arquivo sobre Rosalía de Castro fosen custodiados na Universidade de Santiago de Compostela.

Palabras chave: Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda; *in memoriam*; Rosalía de Castro; biografía.

[es] Aproximación a la vida y obra de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Resumen. El pasado 23 de septiembre fallecía, en Vigo, la profesora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, principal estudiosa de la biografía de Rosalía de Castro. Con 57 años recién cumplidos, era una investigadora rigurosa que valoraba la documentación objetiva y la información contrastada. Discreta, alejada de los círculos culturales gallegos, muchos conocían su obra pero pocos su persona. En treinta años realizó importantes aportes sobre la familia de Rosalía, sobre su epistolario y amistades literarias. Además, dio a conocer otros documentos relevantes y un libro en el que se reúnen una colección de comedias representadas en el Liceo de la Juventud, en Compostela, por esta figura clave del Rexurdimento galego. Como investigadora llevó a cabo traballos sobre Eduardo Blanco Amor, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Murguía y distintas figuras de la literatura gallega. La estudiosa viguesa deixa una gran cantidade de traballos inéditos. Antes de morir expresó su voluntad de que su valiosa biblioteca y su riquísimo arquivo sobre Rosalía de Castro fuesen custodiados en la Universidad de Santiago de Compostela.

Palabras clave: Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda; *in memoriam*; Rosalía de Castro; biografía.

[en] Approach to Victoria Álvarez Ruiz's Life and Work

Abstract. Last September 23th, a main specialist on Rosalía de Castro's biography died in Vigo: the secondary school teacher Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda. Only 57 years old, she was a rigorous researcher who valued objective documentation and contrasted information. Discreet, away from Galician cultural circles, many people knew her work but few ones knew the person. For thirty years she made important contributions about Rosalía's family, about her correspondence and literary friendships. In addition to this, she released other relevant documents and a book that contains

¹ IES Fermín Bouza Brey, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
Correo-e: patchachero@edu.xunta.es

² Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, que tan pendente estivo dos poemas que dedicou Rosalía, que tanto investigou para coñecer as circunstancias que motivaron as dedicatorias rosalianas, recorre, nunha única ocasión, a tan garimeiro recurso literario. Faino nun dos seus ensaios máis logrados, un exercicio de intelixencia e erudición que trata o tema da pseudonimia e que titulóu "Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega". Este opúsculo, o primeiro que publicou, aparece encabezado por un eufónico "Para Pedro Petouto". Cremos de xustiza que estoutro que agora damos ao prelo, dedicado á investigadora, recolla tamén a dedicatoria; pois a quen se oculta detrás do coñecido mestre subversivo debemos a mellor información que contén.

a collection of comedies represented at the Liceo de la Juventud in Compostela, by this key figure of the Galician Rexurdimento. As a researcher, she carried out studies on Eduardo Blanco Amor, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Murguía and different figures of Galician literature. The scholar born in Vigo leaves a lot of unpublished works behind. Before dying, she expressed the wish that her valuable library about Rosalía de Castro library is kept in the University of Santiago de Compostela.

Keywords: Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda; *in memoriam*; Rosalía de Castro; Biography.

Sumario. 1. Aproximación biográfica. 2. Estudosa de Rosalía de Castro. 2.1. Memoria de Licenciatura. 2.2. A “dimisión” de Rosalía. 2.3. O libro das comedias. 2.4. A historia familiar. 2.5. O Chantre da catedral de Salamanca e outras amizades literarias. 3. Máis que Rosalía. 3.1. Epistolarios e bibliografías. 3.2. Traballos singulares. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas. 6. Apéndice. Aproximación á bibliografía de Victoria Ruiz de Ojeda. 6.1. Éditos. 6.1.1. Libros. 6.1.2. Compilacións. 6.1.3. Contribucións en monografías colectivas. 6.1.4. Artigos en revistas e colectáneas eruditas. 6.1.5. Monográficos literarios en prensa. 6.2. Inéditos. 6.2.1. Libros. 6.2.2. Outros traballos.

Como citar: Arias Chachero, P. (2018): “Achegamento á vida e á obra de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20, pp. 355-379.

*Solo cantos de independencia y libertad
han balbucido mis labios*
Rosalía de Castro, “Lieders” (1858)

A profesora e investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda finou en Vigo o pasado 23 de setembro. Con 57 anos acabados de cumprir, inda nova, era unha muller entusiasta e moi traballadora, entregada a diversos e importantes proxectos de investigación. Temos noticia de que deixou bastantes estudos inéditos (algúns inconclusos). O seu pasamento sorprendeu a familiares e coñecidos; a fulminante enfermidade que a levou en dous meses xustos, impediu que moitos se despedisen dela coa calma que terían desexado.

A prensa, sorprendida tamén, deu a nova con celeridade e pouca reflexión. Os principais xornais impresos de Galicia destacaban nela dous atributos, a publicación dun libro para nenos sobre Rosalía de Castro e o seu matrimonio con Xesús Alonso Montero. Ambas cousas eran certas. En 1988 tiña publicado un pequeno volume que se titulaba *Rosalía de Castro para nenos* e case dez anos despois, o 16 de xullo de 1997, casara co expresidente da Real Academia Galega, con quen levaba convivindo desde o 88. A información, non por certa deixaba de ser inxusta.

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda foi máis, moito máis, que a autora dun volume para cativos e a esposa dun reputado catedrático. Era, en palabras de Dolores Vilavedra (2007: 98), “a persoa que máis sabe no mundo da vida de Rosalía, e (...) non vou dicir que tamén da obra de Rosalía para que non me tomen por unha esaxerada”.



1. Aproximación biográfica

A profesora obxecto do noso estudo nacera na cidade onde faleceu, Vigo, o 21 de agosto de 1961. Era a segunda filla, a única muller, de María Victoria Ruiz de Ojeda e Luis Jacobo Álvarez Rodríguez. O matrimonio, que daquela tiña xa un fillo, José Ignacio, asistirá, cinco anos despois, ao nacemento do derradeiro dos irmáns, Luis Jacobo. Cando a nena chegou ao mundo, o pai deixara a docencia e dedicábase á súa gran paixón, a pintura. Coñecido polo nome artístico de “San Luís”, fillo do farmacéutico Jacobo Álvarez Varela, propietario dunha das farmacias máis antigas de Vigo, era un artista peculiar que, con frecuencia, instalaba o seu cabaleta nas rúas e prazas da cidade. Durante anos, traballou sen descanso, retratando con estilo hiperrealista, os recantos do vello Vigo.

Victoria crece no seo dunha familia coñecida na cidade. Todo o mundo sabe quen é “San Luís”; as súas camisetas con volantes, as extravagantes capas que usa no inverno e os cigarros con longa boquilla, impídenlle pasar desapercibido. Bohemio e independente, tivo, durante anos, un estudo na rúa Méndez Núñez onde tamén impartiu aulas de debuxo e pintura. Andando o tempo, abriu unha exposición permanente nas Galerías Durán da rúa Príncipe. En 1985, “San Luís” diseña e asina a portada de *Bailaré sobre tu tumba*, un dos discos máis coñecidos de Siniestro Total, grupo emblema da movida viguesa.

A notoriedade do pai, que o leva mesmo a colocar na fachada do edificio onde viven, na rúa Urzáiz, un enorme cartel en forma de paleta co seu nome impreso nela, marca probablemente a infancia e adolescencia da filla. Unha rapaza que o admira. Loiriña, miúda, discreta e delicada, realiza os primeiros estudos no Colexio Vigo, instalado en dous pisos dun inmoible nas inmediacións da rúa onde reside. Alí lémbрана algúns profesores como unha alumna traballadora, sería e formal. Boa estudante, madura, moi calada, de bo comportamento; destaca de contado pola calidade das súas redaccións, coas que obtivo varios premios de ámbito galego.

Lectora empedernida desde nena, algúns compañeiros recórdana nos primeiros cursos do instituto, no Feminino –hoxe IES San Tomé de Freixeiro–, cun exemplar do *Ulysses* de James Joyce baixo o brazo. Un groso tomo, vermello e de tampas duras, que lle confire un inusitado aire de seriedade³. Neste centro destaca novamente como alumna de letras.

Antes de rematar a educación secundaria, en 1978, obtén o diploma de *Langue Française* da Alianza Francesa. Inda adolescente xa é quen de ler e expresarse con corrección nesta lingua; andando o tempo, as lecturas en francés e as viaxes ao país veciño converteranse nunha das súas paixóns. En xuño de 1979, tras superar con éxito as probas de Acceso á Universidade, comeza Filoloxía Hispánica no Colexio Universitario da súa cidade. Alumna avantaxada, o terceiro curso, o último que podía cursar en Vigo, coñece a un profesor que a marcará definitivamente. Trátase de Xesús Alonso Montero que, aquel ano, imparte a materia de Literatura Española (séculos XVI e XVII).

Como tantos outros estudantes, moitos hoxe destacadas figuras das nosas letras –Ana Acuña, Dario Xohán Cabana, Inma López Silva, Xesús Rábade Paredes, Arturo Reguera, Claudio Rodríguez Fer, Fiz Vergara Vilariño, Dolores Vilavedra⁴–, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda ve no comprometido docente un estímulo e unha fonte solvente de saber, que a

levan a interesarse e afondar en lecturas e estudos. A universitaria esfórzase e moi pronto impresiona o avezado profesor cun documentado e ben redactado traballo sobre o *Diálogo de la lengua* de Juan de Valdés. A pegada do aprendido aquel curso resoa anos despois na súa Memoria de Licenciatura (1986: 5): “Rosalia, valdesiana en pleno século XIX, atense ó uso como supremo lexislador: «Qu’asi mó pediron,/ qu’así mó mandaron,/ Que cant’e que cante/ Na lengua qu’eu falo»”.

No curso 1982-83, segura do camiño elixido, trasládase a Santiago de Compostela, en cuxa facultade remata brillantemente Filoloxía. Atrapada pola figura de Rosalía e alentada por don Xesús, solicita unha bolsa que lle permitirá traballar no *Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, celebrado na cidade do Apóstolo, entre o 15 e o 20 xullo de 1985. Alí ten a oportunidade de escoitar aos principais especialistas na autora ao tempo que continúa lendo e afondando na bibliografía rosaliana que tan ben chegará a dominar.

A cualificación de Sobresaliente na Licenciatura e o feito de ter claro que desexa dedicarse á investigación, anímana a matricularse nos cursos monográficos do Doutoramento que supera, sen problemas, en xuño do ano seguinte. En decembro dese mesmo ano, ante un xurado do que forman parte Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rey, Constantino García e o director do traballo, Xesús Alonso Montero; defende a súa Memoria de Licenciatura, titulada “Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro”. Para aquela moza viguesa que moi pronto devirá en rosalióloga recoñecida (1986: 4):

É Rosalía a primeira que, con entidade estética, (re)crea a lingua galega e convértea en lingua de arte. Nada sabe dun brillante pasado medieval, nada recibe del. Atrás quedan, tamén, os tímidos intentos dos seus predecesores, que libron batallas, máis que nada sentimentais⁵.

³ Agradecemos a Lolina Gutiérrez Prieto, amiga de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda desde os anos do instituto, algúns dos datos biográficos contidos neste traballo.

⁴ A listaxe, inxusta e incompleta, podería incluír inda os nomes de Rafael Báez, José F. Armesto Faginas, Perfecto Conde, Ceferino Díaz, Gregorio Ferreiro Fente, Miguel Anxo Murado, Ramón Nicolás, Antón Santamarina, Rexina R. Vega, Alexandre Veiga e outros moitos que, por razóns agardamos que comprensibles, non incluímos aquí.

⁵ Este parágrafo, tomado da *Memoria de Licenciatura* (1986) aparece, minimamente modificado, na antoloxía que publica pensando nos máis pequenos, en 1988: “É Rosalía a primeira que, con entidade estética, re-crea a lingua galega e convértea en instrumento artístico. Nada sabe dun brillante pasado medieval, nada recibe del. Atrás quedan, tamén, os tímidos intentos dos seus predecesores” (Álvarez Ruiz de Ojeda 1988: 5).

Con este primeiro e importante contributo ao estudo da obra rosaliana obtén a cualificación de Sobresaliente e abre as portas á que será definitivamente a súa grande paixón intelectual, a autora de *Cantares gallegos*.

Entre 1987 e 1991 imparte, en Vigo, numerosos cursos de Iniciación e Perfeccionamento da Lingua Galega. A médicos (1987), farmacéuticos (1988), ATS (1988), funcionarios de Hixiene e Seguridade no Traballo (1988), cidadáns e funcionarios do Concello de Vigo (1989), Policía Local (1989), funcionarios do Hospital Rebullón (1989). Tamén desenvolve esta mesma tarefa no Concello de Vilagarcía de Arousa. Non abandona o estudo e as lecturas e en 1990 comeza a recoller materiais para a súa tese. O tema pensado será *Historia da Real Academia Galega (1906-1990)*, o director, Xesús Alonso Montero. Lamentablemente, nunca chegará a defendela.

Van pasando os anos e a incansable investigadora non ten un traballo estable. Talvez por iso, inda que pouco convencida, o 26 de outubro de 1990, solicita (en concurso de méritos) a praza de Técnico Municipal en Normalización Lingüística do Concello de Vilagarcía, onde se incorpora en decembro dese ano e onde permanecerá até o 31 de novembro do ano seguinte.

O 15 de xullo de 1997, falece o pintor “San Luis” de afección cardíaca. Un día despois, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e Xesús Alonso Montero casan civilmente (a data estaba establecida desde moito antes da doenza paterna).

Comeza a actividade intelectual en congresos e simposios. Investigadora incansable, intervén nas *Xornadas de Eduardo Blanco Amor* que se celebran en Ourense entre o 18 e o 19 de setembro de 1997. Ao ano seguinte, en xullo, atopámola no *Congreso sobre García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega*. A súa disertación, na Facultade de Filoloxía de Compostela, leva por título “Proposta de edición dos Seis poemas galegos (a partir dos manuscritos)”. Pouco amiga da vida pública, non nega sen embargo, a súa intervención en eventos que abordan temas que lle interesan ou preocupan. En outubro do 99, de novo en Ourense, encontrámola nunha mesa redonda, nas *Xornadas V. Lamas Carvajal*.

O mes de abril de 2005 convértese nunha data importante. Convídana a participar na décimo sétima edición do *Festival La huella de España*. Con tal motivo viaxa á Habana para pronunciar unha documentadísima



conferencia no Centro Cultural Dulce María Loynaz. A intervención, titulada “1906-2006: Centenario de la Real Academia Gallega”, fala con elocuencia do dominio que posúe sobre a materia.

Apenas tres meses despois, a comezos de agosto, convértese en funcionaria de carreira do Corpo de Profesores de Ensino Medio na especialidade de Lingua e Literatura Española. O seu primeiro destino, no IES Valadares (Vigo), faina comprender que a docencia vaille permitir continuar cos seus traballos e investigacións. Docente inqueda e comprometida, tres anos despois, en 2008, preséntase de novo ás oposicións e obtén a especialidade de Francés que nunca chegará a exercer. Instalada na práctica educativa pero permanentemente preocupada pola súa formación, en 2012 matricúlase no “Máster Universitario en Literaturas Hispánicas (catalana, gallega y vasca) en contexto europeo” que oferta a Universidad Nacional de Educación a Distancia. Cursou todos os monográficos pero non chegou a defender o Traballo de Final de Mestrado, no que estivo matriculada en 2017. Cóstanos que o tema elixido comparaba a poesía de Celso Emilio Ferreiro, Gabriel Aresti e Salvador Espriu.

A súa entrega levouna a aceptar a xefatura de estudos no IES de Mos (próximo a Vigo), último destino onde impartiu aulas. Os seus alumnos e compañeiros lémbrañ como unha muller reservada e sabia que preparaba con coidado as súas clases e lograba suscitar a curiosidade de moitos. Experta en Garcilaso, Góngora, Quevedo e Cervantes (Alonso Montero 2018), pronuncia, en galego, algúns dos emotivos discursos cos que o instituto despedía aos seus alumnos e organiza distintas actividades culturais nas que procura implicar a toda a comunidade educativa.

Sempre discreta, afastada dos cenáculos do mundo cultural galego (*Id.*), cada vez lle resulta



máis difícil manter o seu nome nun segundo plano. En marzo de 2013, como recoñecida estudosa da obra de Rosalía de Castro, participa nas xornadas que organiza o Consello da Cultura baixo o título *Do privado ao público: A configuración da Rosalía escritora*. Ás 10 da mañá diserta sobre os avances na investigación da biografía rosaliana. Como retrucante actúa María do Cebreiro Rábade, coordinadora do Grupo de Investigación Rosalía de Castro, que recoñece, con verdadeiro entusiasmo intelectual, a valía e a importancia das achegas de Ruiz de Ojeda.

En abril de 2014, como era de xustiza, ingresa no Padroado da Fundación Rosalía de Castro co que levaba colaborando desde o ano 2000. Canda ela, tamén o fan Carme Blanco, Pilar García Negro e X. L. Méndez Ferrín. A súa valía como investigadora e o seu vello interese pola vida e a obra de Eduardo Blanco Amor lévana a aceptar o ingreso na Fundación que leva o nome do ourensán, en outubro de 2017, ao crearse a institución.

Cando lle chegou o momento de “ir durmir fóra”, en expresión tomada da esquila⁶, Ruiz de Ojeda era, como doadamente se desprende das liñas precedentes, unha investigadora con moito que aportar. Os inéditos que deixa e que agardamos ver publicados en data non moi tardía, dan boa conta da súa madurez e sabedoría.

Só nos resta pechar este apartado con palabras sentidas que tomamos emprastadas a Marilar Aleixandre (2018: 4):

Victoria Álvarez prendeu luces sobre Rosalía, iluminando momentos descoñecidos da súa infancia, abrindo camiños a outras estudosas como María Xesús Lama. Foi tamén unha luz

na vida do seu home, Xesús Alonso Montero. Investigadora de excelencia, docente e xefa de estudos no Instituto de Mos, onde profesorado e alumnado lembran a súa dedicación, sexan estas liñas unha pequena homenaxe a unha muller que nos deixou cedo de máis.

2. Estudosa de Rosalía de Castro

Confiamos en que Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda pase á historia da literatura como o que foi, unha das máis esforzadas e importantes biógrafas de Rosalía de Castro. Así parece intuïlo tamén Dolores Vilavedra, autora dun fermoso panexírico que ela mesma leu no multitudinario acto cívico-literario que se celebrou no cemiterio de Pereiró, en Vigo, para despedir á investigadora o día despois do seu pasamento, luns, 24 de setembro. O texto, publicado no último número da revista *Grial* (2018: 11), conclúe: “Nunca máis, ninguén, en ningún lugar do mundo, poderá xa estudar a obra rosaliana sen que, nalgún intre, os seus ollos se deteñan no nome de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda”.

Da significación que lle outorgaba ao biográfico dan boa conta as propias declaracións de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (2007: 105):

A biografía, como é un xénero ensaístico, un xénero didáctico, ten unha compoñente didáctica moi importante. Eu creo que a biografía é o xénero máis pedagóxico. É profundamente pedagóxico e, en suma, eses rapaces –refírese aos seus alumnos– o que están demandando é eso, é precisamente esa pedagogía das vidas ilustres, eses, modelos positivos ou negativos.

En canto a Rosalía, como estamos? En canto a Rosalía estamos sen unha biografía. É dicir, calquera persoa, calquera rapaz que acuda a unha librería a procurar unha biografía de Rosalía non a encontra, porque non existe hoxe, non existe ningunha biografía de Rosalía, e iso é certamente estraño.

Efectivamente, a día de hoxe non existe unha semblanza completa de Rosalía de Castro, circunstancia que ten motivado non poucos comentarios e reflexións na historia da literatura galega contemporánea. A propia Álvarez Ruiz de Ojeda (1997d: 479) denunciou o estancamento en que se atopaba o estado da cuestión: “Os progresos no coñecemento da biografía da

⁶ *La Voz de Galicia*, 24-IX-2018.

escritora hai ben anos que son nulos; en concreto, desde 1985, en que se publicaron fragmentaria, postumamente e por persoa interposta, as derradeiras investigacións de Fermín Bouza. Brey”.

Fermín Bouza Brey convértese para a profesora nun rosaliano fiable e solvente. Isto non quere dicir, naturalmente, que acepte como verdadeiras todas as afirmacións feitas polo gran erudito. Confía na información que proporciona e con frecuencia xustifica tanto o proceder do intelectual con respecto a Rosalía como a pertinencia das súas actitudes. Sirvan como exemplo os comentarios que fai da carta, “interesada e tendenciosa”, que Lois Tobío Fernández envía a don Fermín en 1923. Trátase, lembremos, dun documento que reflicte a versión familiar dos Tobío, emparentados con José Martínez Viojo. Un documento que cualifica á nai de Rosalía de “desnaturalizada”, afirmando que o capelán “quitó la niña de su madre”, preocupándose despois do seu sustento e educación. Velaquí a opinión de Álvarez Ruiz de Ojeda (*Ibid.* 484) sobre a misiva e o receptor da mesma:

A historia desta carta resulta por extremo interesante. En primeiro lugar pola súa data, 20 de agosto de 1923, a penas dous meses antes de que Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Tobío e outros emprenderan a famosa excursión ó Castro de Ortoño que serviu como acto fundacional do Seminario de Estudos Galegos (...).

Bouza Brey calou durante moitos anos a información que Tobío lle proporcionou sobre a identidade do pai de Rosalía e demais circunstancias do seu nacemento e primeira crianza. De feito, Bouza-Brey, que se erixiu en vindicador da figura de Teresa de Castro, nunca quixo publicar esta carta, que se veu coñecer despois da súa morte, pola glosa que dela fixo Carballo Calero.

Quizais respecta a Bouza Brey porque, como ela, creu no traballo de documentación e nunca se conformou coa “versión vulgata da biografía de Rosalía” (*Ibid.* 480). Na mesma dirección apunta María Xesús Lama (2018):

A profesora Álvarez Ruiz de Ojeda foi unha digna seguidora da xeira iniciada por Bouza Brey na investigación de arquivos e fontes para desvelar os misterios que rodearon a biografía rosaliana. Neste país noso de patrimonio arquivístico tan esquecido e disperso, ela demostrou unha vez tras outra que cómpre explorar nas fontes documentais para descubrir os indicios que conducen a versións máis fiables da nosa

historia cultural. Neste ámbito o seu exemplo iluminaranos sempre.

Nin Fermín Bouza Brey nin Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda chegaron a publicar unha biografía de Rosalía. Talvez porque ambos entendían que era unha empresa difícil, que requiría grandes esforzos e moita entrega. No caso da profesora viguesa a morte imprevista e temperá, impediulle acometer –xa nunca saberemos se o pensou en firme algunha vez– unha tarefa para a que, cremos, estaba sobradamente capacitada.

Nas páxinas de *Rosalía para nenos* (1988: 6) reflexiona sobre a dificultade que entraña o labor:

Poucos son os datos de que dispoñemos para traza-la biografía da nosa escritora. As noticias sobre a súa infancia, xuventude, matrimonio e vida afectiva foron coidadosamente escamoteadas polos seus contemporáneos. As súas cartas, destruídas. A penas anécdotas conservamos dela.

Iso foi así por un concepto tan erróneo como estreito da grandeza de Rosalía, á que non se debía tocar. Ata aquí, os feitos. Dos responsables falaremos logo.

Anos despois, no 2007, enuncia as calidades que debe reunir unha biógrafa (2007: 106):

É raro non termos unha biografía de Rosalía. Eu creo que para escribir unha biografía fan falta dúas cousas, que son documentos e pluma. É dicir, hai que saber interpretar eses documentos e hai que poñer todo iso por escrito.

En canto ó primeiro, aquí sempre teñen actuado dúas forzas opostas. En canto ós documentos, sempre desde o principio houbo unha perda, unha destrución documental, debida en parte a Murguía.

Fondamente preocupada polo tema, mesmo chegou a definir o tipo de traballo que sería preciso facer (2013a: VII):

En 1955, Luis Cernuda, nos seus personalísimos *Estudios de poesía española contemporánea*, lamentaba a falta dunha biografía estimable de Rosalía de Castro (...). Non explica o poeta da xeración do 27 qué entende por “estimable”, pero é lícito supoñermos que ese concepto abrangue, cando menos, tres requisitos que se esixen dunha biografía moderna: obxectividade, transparencia das fontes documentais e mais exhaustividade das referencias bibliográficas.

Tentaremos demostrar que a profesora falecida reunía os tres requisitos que ela mesma sinala.

2.1. Memoria de licenciatura

Na bibliografía que acompaña este artigo, o lector comprobará que o primeiro e o derradeiro dos traballos asinados pola investigadora que nos ocupa, céntranse en Rosalía de Castro. Non en van a escritora foi, como xa se sinalou, a súa gran afección intelectual. Durante 30 anos, os que median entre 1986 e 2016, da súa pluma saíran non menos de vinte traballos de tema rosaliano. A inmensa maioría deles, ensaios voluminosos, e todos, sen excepción, textos coidadosamente redactados, obxectivos e ben documentados que apuntan a novos enfoques e definitorias achegas no difícil mundo do estudo da vida e da obra da poeta.

O máis antigo destes traballos de tema rosaliano é a Memoria de Licenciatura, presentada, como se apuntou no apartado biográfico, a finais de 1986, na Facultade de Filoloxía de Compostela. Trátase dun groso volume mecanoscrito en tinta negra, a unha soa cara, que abrangue un total de 160 páxinas e que analiza polo miúdo o modelo de lingua empregado por Rosalía de Castro na “totalidade da mensaxe galega da autora” (1986: 5).

A propia Álvarez Ruiz de Ojeda alude á cuestión nunha conferencia pronunciada o 10 de marzo de 2006, na Fundación Rosalía de Castro. A transcripción do dito, non lido, foi recollida en libro impreso ao ano seguinte, e quizais precisamente por iso, porque provén dun discurso oral, a investigadora, pouco dada a amosarse nas páxinas dos seus escritos, partilla connosco que (2007: 104):

Desde o ano 1986, en que presenteí a miña tese de licenciatura sobre a lingua galega de Rosalía de Castro, leo a Rosalía, digamos, sería ou profesionalmente, por así dicilo. Como tiven que estar moito tempo coa obra de Rosalía na man, cheguei a aprendela de memoria, sabía integramente os libros poéticos galegos de Rosalía. Xa esquecín boa parte do que sabía, pero desde entón sigo lendo a Rosalía e sigo traballando, investigando modestamente nos arquivos e nas bibliotecas sobre Rosalía e fundamentalmente sobre o contexto social e biográfico de Rosalía.

Nun apartado inicial da Memoria, titulado “Razóns previas” (1986: 5), explica discretamente cales foron os seus propósitos:

O traballo que presentamos ofrece algunhas calas na lingua de Rosalía, orientadas á descrición do sistema por ela empregado. Non se encontrará aquí unha estilística, por máis que nalgún momento

aludamos a valores estéticos. Non aspiramos tampouco a establece-la gramática rosaliana; son as nosas, como dicimos, aproximacións, e estas en tres frentes: grafía, fonética e morfoloxía. Informarán, tamén, da presenza do castelán como elemento perturbador.

A descrición lingüística farase con respecto ó modelo do galego común, e asumindo un esquema tradicional; revelará pois, en ocasións, tanto a contribución de Rosalía a esta aspiración como a súa fidelidade a unha fala local.

O índice que pecha tan demorado estudo dá boa conta da complexidade real e do esforzo realizado. Seguindo o esquema das gramáticas tradicionais, non deixa nada sen revisar. Aborda ordenadamente cuestións relacionadas cos grafemas empregados, cos signos de puntuación e outros signos gráficos, con todas as categorías gramaticais; sen descoidar ás relativas a vacilacións vocálicas e consonánticas, á presenza do seseo e da gheada e ás desviacións da norma estándar.

O rigoroso e sistemático estudo vaille permitir lanzar unha serie de conclusións (*Ibid.* 153) sorprendentemente breves pero que reflicten madurez, rotundidade e acerto:

Naturalidade é a suprema norma que guía a Rosalía. Ben é certo que hai nela selección, mínima, e dirixida polo bo gusto e pola intuición.

A base da lingua de Rosalía é o galego occidental. Pero despreocupada da pureza a favor da expresividade, acolle dialectalismos de diversa procedencia. Son variantes de estilo que enriquecen as posibilidades do galego literario.

Rosalía comprométese cunha lingua en nome da autenticidade, e incorpóraa tal como a coñece, insegura e vacilante, pero, ante todo, expresiva.

Inseguridades e vacilacións son consecuencia da falta de maxisterio literario. Rosalía non recoñece modelos fóra da poesía popular. E, en verdade, non se aprecian nela influencias dos escritores anteriores, como tampouco do incipiente labor dos gramáticos.

Se houbo orientación, esa foi a de Murguía.

Cando redacta e defende esta Memoria apenas ten 25 anos, a día de hoxe, máis de 30 anos despois, o contido nela segue a ser un texto de referencia. É, ademais, un traballo que deixa translucir unha serie de particularidades que van acompañar á autora na totalidade da súa traxectoria intelectual. A máis evidente delas seguramente sexa a tenacidade e esa vontade

de exhaustividade e obxectividade da que xa falamos. Álvarez Ruiz de Ojeda foi, digámolo xa, unha estudosa perfeccionista, erudita e rigorosa, extremadamente meticulosa e completamente entregada á investigación empiricamente contrastada. Afáns que a levaron a procurar xustificar documentalmente todos e cada uns dos datos que manexaba.

María Xesús Lama López (2018) no artigo aparecido en *Galicia Confidencial* a raíz do seu pasamento, aprecia tamén estas características:

Traballos sempre impregnados dun perfeccionismo que abrolla en exposicións claras e sinxelas, coa profundidade do traballo filolóxico clásico, que require unha dedicación e autoesixencia que só se pode soste na paixón polo obxecto de estudo e o goce no camiño de busca do coñecemento. Paixón e goce que xeran beleza e dignidade, e que as transmiten, coma un galano, para quen queira ler e aprender a percibir máis intensamente a súa propia condición humana.

Ao mesmo tempo, cómpre apuntar certa elegante discreción que a levan a non vangloriarse nunca, sequera minimamente, do traballo que está desenvolvendo e a endexamais criticar –cando menos, non acedamente– as contribucións e opinións doutros rosaliólogos, mesmo no caso de estar en aberto desacordo con eles. Sirva como mostra do que dicimos o feito de que na Memoria de Licenciatura, cando relaciona os estudos que sobre a lingua de Rosalía ten consultado para facer o seu traballo, está, evidentemente, en desacordo cos criterios adoptados por Ricardo Carballo Calero, circunstancia que expresa sen acritude. Refiríndose ás *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* que o profesor ferrolán publicou en 1972 na Universidade de Santiago, indica (1986: 6):

Carballo amosa erudición e sensibilidade, e as súas observacións abranguen, en realidade, moitos máis aspectos cós citados.

Mais ten o seu estudio unha deficiencia, cal é a de partir das edicións modernas. Este feito lévao a rexistrar, por veces, non outra cousa que falsas lecturas, cando non erros de imprenta.

Caben algúns reparos no que respecta á análise lingüística e sociolingüística que ofrece Carballo Calero, quen concede, ó noso parecer, grande importancia ó influxo castelán.

Por outra parte, sorprende que Carballo negue a Rosalía ó mesmo tempo, que dá unha lección

de estética lingüística ós precursores. (E ós sucesores, engadiríamos nós.) Tal consideración alónxanos definitivamente deste autor.

Manexa a acabada de licenciar, como non podía ser doutra maneira, as primeiras edicións das obras que cita e para organizar toda a información que recolle nelas, recorre, nun momento en que a informática non estaba ao seu alcance como ferramenta de análise, a centos de tarxetas de cartolina nas que anota, a man, as escollas lingüísticas da poeta e as súa propias reflexións. Fichas que organiza con paciencia, nunhas caixiñas de madeira que o pai, “San Luis”, fai expresamente para ela. O agarimo paterno e a especial significación do traballo acometido fixeron que gardase con especial compracencia todo o material empregado na redacción deste primeiro traballo rosaliano. Confiamos en que tanto as fichas como as caixas que as conteñen pasen a formar parte da doazón que a propia autora fixo en vida.

Antes do seu pasamento, consciente da gravidade da enfermidade que padecía, deixou dito que desexaba que o seu patrimonio rosaliano –arquivo e biblioteca– probablemente un dos mellores de Galicia –e en consecuencia, probablemente, do mundo– pasase a formar parte do fondo da Universidade de Santiago de Compostela (Alonso Montero 2018).

Para pechar este apartado, quixeramos facer notar que resulta significativo que nunca volveuse emprender un traballo deste tipo. Non volveremos atopar unha páxina súa na que reflexione sobre aspectos lingüísticos; centrárase a partir de aquí en cuestións fundamentalmente histórico-biográficas abordadas evitando todo tipo de valoracións interpretativas.

2.2. A “dimisión” de Rosalía

Teremos que agardar a 1996, xusto dez anos despois da Memoria de Licenciatura, para atopar un novo traballo sobre a autora de *Follas novas*. Aparecerá na revista *Grial*, no número 131, baixo o título “Sobre a “demisión” de Rosalía de Castro: unha carta inédita de Manuel Murguía”. Ese primeiro artigo rosaliano ocúpase dun dos asuntos que recorrentemente inquietaron á estudosa, o feito de que a poeta se apartase de maneira tan radical da escrita en lingua galega, circunstancia que Ruiz de Ojeda afrontará, como teremos ocasión de comprobar, noutros traballos. Vaiamos con este primeiro.

En apenas dez páxinas, exhuma unha interesante carta que Manuel Murguía dirixe a Francisco Portela Pérez, avó do arquitecto César Portela e pai do debuxante Agustín Portela Paz, editor literario de *Pontevedra é boa vila*. Este Francisco Portela publica, sendo un mozo de apenas 18 anos, a primeira antoloxía da poesía galega contemporánea. O volume, titulado *Colección de poesías gallegas d'alguns autores*, reúne un total de 39 composicións de 31 escritores diferentes. Foi o escritor catalán Víctor Balaguer quen advertiu, nesa pioneira antoloxía, a ausencia de Rosalía, e foi Victoria Álvarez, en 1996, quen nos explicou a “razón” desa ausencia.

Na carta que presenta neste número de *Grial*, Murguía pídelle ao antólogo que “por razones puramente personales” que “deben respetarse” non debe incluír ningún poema de Rosalía na colectánea. Así o fixo o discreto Francisco Portela, obviando, ademais, unha nota que explicase a ausencia. Comportamento este que motivou o desconcerto e incompreensión de todos os rosalianos posteriores. A nosa esforzada investigadora afirma que a petición de Murguía ten que ver, en palabras de Alonso Montero, coa “demisión” de Rosalía, motivada, como ben é sabido, pola polémica que suscitou a publicación, en 1881, de “Costumbres gallegas” (1881) onde apuntaba a pervivencia en Galicia dun antigo costume de prostitución hospitalaria.

Contra o final do artigo, a autora insinúa que, a este respecto, deben ser revisadas as posturas mantidas tanto por Catherine Davies como por Marina Mayoral e conclúe o traballo cunha rigorosa semblanza do compilador, a quen exculpa, loxicamente, de toda responsabilidade.

O tema da dimisión de Rosalía foi abordado tamén en “O labor xornalístico de Rosalía de Castro: a elaboración dunha nova imaxe de Galicia”, incluído no segundo tomo do volume *Xornalistas con opinión II: 20 biografías*, en edición de Rosa Aneiros Díaz, Xosé López García, Marta Pérez Pereiro e Víctor F. Freixanes, publicado pola editorial Galaxia, en colaboración co Consello da Cultura Galega, no ano 2010. Neste sucinto texto que ten como obxectivo analizar a faceta xornalística da escritora, alúdese a outro dos grandes episodios que poderían explicar o malestar de Rosalía antes de deixar de escribir definitivamente na nosa lingua. Referímonos á polémica suscitada por “El Codio”, asunto central dun artigo titulado precisamente “Sobre “El Codio” (1864), obra perdida de Rosalía de Castro”, aparecido

no 2008, no terceiro número da *Revista de Estudios Rosalianos*.

“El Codio” foi, como non ignoran os nosos lectores, un traballo que Rosalía de Castro tiña previsto publicar no *Almanaque de la juventud elegante y de buen tono para el año 1865*, que editaba en Lugo Manuel Soto Freire. A investigadora explícanos que o texto, na actualidade desaparecido, describiría o “tipo” pintoresco do “codio” ou seminarista pobre, e que o escrito rosaliano espertou as iras duns 200 seminaristas que, enfurecidos, terían apedrado o establecemento de Soto Freire coa vontade de impedir que o texto fose dado ao prelo, como así foi.

Segundo a profesora obxecto do noso estudo é “un caso moi peculiar de censura previa, exercida por uns futuros eclesiásticos e consentida ou alentada polos seus superiores” (2010b: 71).

Neste artigo atopamos unha faceta relativamente infrecuente nos ensaios da nosa autora. Un fino sentido do humor que a levan a ironizar con elegancia. Obsérvase o que sucede cando alude á data do amotinamento dos seminaristas. Lectora atenta e perspicaz, afeita a cruzar datos, indica que Alonso Montero dá unha data na maioría dos seus traballos e outra diferente no libro que publicou en 1972, na editorial Júcar de Madrid. Ante a disparidade, relata (2008: 31): “Preguntamos ao autor pola causa desta variación e o autor contéstanos que sería o trasno da imprenta quen, obstinadamente, veu substituíndo a data do 30 de agosto pola do 30 de novembro. O curioso é que o trasno da imprenta demostrou unha grande intuición”.

Tras ter removido diferentes arquivos en busca do texto rosaliano xamais publicado, entre eles a Hemeroteca Municipal de Madrid, a estudosa polemiza de novo de maneira elegante e sarcástica (*Ibid.* 32): “Quixeramos ofrecer aos nosos pacientes lectores a transcripción do prospecto da discordia, pero, lamentablemente, no momento no que redactamos estas liñas (verán do 2008), o Museo de Pontevedra maniféstanos ter extraviado esta peza bibliográfica”.

Aproveitamos para facer notar que entre 1996 e o ano 2000, *Grial* será a receptora de todo canto artigo de temática rosaliana escriba Ruiz de Ojeda. A partir desa data, cadrando coa publicación do primeiro número da *Revista de Estudios Rosalianos*, todos os traballos deste tema asinados pola investigadora verán a luz nas páxinas da publicación da Fundación

Rosalía de Castro que dirixe o profesor Alonso Montero. A *Grial* reserva, a partir de entón, escritos doutras temáticas.

Cómpre igualmente salientar que o volume de traballos entregados nos catro números de vida da publicación é certamente sorprendente. Contabilizamos un total de sete; tres deles no segundo número. Cando en 2016, a publicación se transforma, en *Follas Novas, Revista de Estudos Rosalianos*, a nosa rosalióloga entrega un único artigo, aparecido no número 1 desta publicación.

2.3. O libro das comedias

Este será outro dos grandes episodios da traxectoria rosaliana de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda. Relátao ela mesma en “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”, un amplo traballo que ve a luz no primeiro número da *Revista de Estudos Rosalianos*, da Fundación Rosalía de Castro, no ano 2000, o primeiro dos artigos da estudosa aparecidos na coidada publicación padronesa.

Antes de entrar en materia, a erudita explícanos como chegou a ela a excepcional peza bibliográfica da que se dispón a falar, o libro das comedias (2000b: 14): “Hai varios anos Xesús Alonso Montero regalounos un libro que el adquirira nunha librería de lance de Santiago de Compostela, alertado polo profesor José Manuel González Herrán”.

O volume converterase, que dúbida cabe, nunha das grandes xoias desa impresionante biblioteca rosaliana que co paso dos anos logrou reunir. Non será esta a única alfaia que a atenta letraferida custodia. Cónstanos que ademais de traducións, edicións curiosas e todo tipo de ensaios e estudos, reuniu algún inédito importante ou, cando menos, singular (2012: 77):

Hai algúns anos adquirín, na casa de Fernando Durán, de Madrid, un manuscrito que contén a tradución castelá, completa, dos poemas que integran *Follas novas*. A circunstancia excepcional de ser unha obra manuscrita e inédita, súmase o feito de ir asinada por unha tradutora descoñecida no eido da crítica rosaliana: Micaela Mutuberría.

Imaxinamos a cara de sorpresa e o seu deleite cando recibiu “o libro das comedias”, quizais o mellor agasallo que lle fixeron nunca. Un pequeno volume “bastante fatigado”, encadernado en tapas duras, que reúne, en edición ficticia, once comedias, sete delas representadas,

con seguridade, na Sección de Declamación do *Liceo de la Juventud* do que Rosalía formaba parte. A particularidade do pequeno tomo, que no lombo ten gravada a indicación de “Liceo de la Juventud”, é que o nome de Rosalía aparece mencionado un total de 27 veces, 26 como Rosalía e unha como Rosalía Castro.

As anotacións manuscritas ao lado dos personaxes das obras, demostran, ás claras, o traballo de Rosalía como actriz nestes primeiros anos de mocidade. Ademais de á futura escritora, cítanse outras seis actrices –ou cinco, se Ela e Micaela son a mesma persoa– e 19 actores. Álvarez Ruiz de Ojeda volve facer un esforzo titánico, cando procura e, en moitos casos, logra seguirilles a pista a estas 25 persoas.

Para iso recorre, unha vez máis, ao traballo contrastado e documentado. Consulta os libros de matrícula da Universidade e do Instituto adxunto entre os anos 1847 e 1856, expedientes persoais dos estudantes, padróns municipais e canta documentación cae nas súas mans. Ademais, revisa con atención os catro xornais da cidade naquel entón. A propia estudosa, pouco amiga, como dixemos, de ponderar proezas propias, sinala (2000b: 16-17):

O volume de documentación manexado foi extraordinario, e poucos os resultados obtidos (...) Resulta difícil establecer a pertinencia de datos tan traballosamente arrecadados (...) Mais dos mestres temos aprendido que nada do que atinxe a Rosalía é insignificante, e por esa razón, e porque cremos que algunhas peripecias vitais inciden en aspectos importantes da sociedade na que viviu e traballou a escritora, trazaremos sumariamente as súas biografías.

Certamente non lle falta razón. Só logrou identificar a sete dos actores inda que proporciona interesante información sobre o resto e sobre as representacións teatrais naquela época. Funcións sobre as que poucos se pararan a pensar. Son funcións que duraban, como mínimo, cinco horas e nas que se daban a coñecer dúas ou máis obras. A miúdo eran pezas cómicas, baseadas en cadros de costumes, semellantes a aquelas outras sobre as que a propia Rosalía había ironizar nas páxinas de *El caballero de las botas azules*.

Convencida da importancia que o teatro e a representación tiveron para a figura cume do Rexurdimento, a estudosa non se rende e procura información valorando a posibilidade de que Rosalía se trasladase a Madrid para seguir coa súa carreira como actriz. Para iso, a propia Ruiz de Ojeda instálase na capital e pasa

nela algunhas semanas, consultando diversos arquivos e bibliotecas. Tras revisar con calma o fondo do Conservatorio Superior de Música da capital, conclúe que Rosalía nunca estivo matriculada nese centro.

Comprobaremos como o afán perfeccionista e a esixencia autoimposta levarana a revisar unha e outra vez, sen descanso e sen decaer, as fontes. O seu método de traballo inspira admiración e respecto. Ela mesma expresa a importancia do traballo contrastado (1999b: 344): “O historiador sabe que é difícil facer falar ás fontes, pero iso non o exime de buscalas e de interrogalas; como non nos eximimos nin nos eximiremos nós de revisar o corpo de opinións que teceu, en torno a Rosalía o século que agora morre”.

En máis dunha ocasión, reflexiona sobre o esforzo que supón a recompilación de datos (2007: 107): “Son datos que se teñen arrecadado ao longo de moitos anos, con moitos esforzo e traballo nos arquivos públicos, nos arquivos da administración, nas bibliotecas –o traballo de arquivo é un traballo moi laborioso que ten, ás veces, resultados, pero non sempre”.

A este respecto, en data recente, a profesora Dolores Vilavedra (2018: 11) afirmou con acerto que:

O seu traballo mudou para sempre a rosalianística, non só polo transcendental dos seus descubrimentos senón por algo tanto ou máis importante ca estes: o método de traballo que impuxo. Furou nos arquivos, perseguiu teimuda documentos que fixo falar e reescribiu unha historia que estaba demasiado orfa de datos e sobrada de prexuízos e manipulacións. Por iso as súas achegas riscan unha liña entre o fundamental e o superfluo, entre o antes da glosa louvamiñeira e o despois das evidencias empíricas. E por iso, tamén, hoxe coñecemos unha nova Rosalía cuxa figura se foi debuxando con maior claridade consonte Victoria foi espallando, aquí e acolá, as súas descubertas.

Non quixeramos pechar este capítulo sen sinalar que o artigo se abre cunha cita de Fermín Bouza Brey que delata, ademais dun fermoso diálogo intelectual diacrónico, a confirmación do que sinalabamos máis arriba: Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda recolle, en certa medida, o testemuño do ilustre rosaliólogo. A cita,

tomada dun texto de 1955, “La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)”⁷, di así: “...solo venturosa casualidad puede algún día proporcionarnos el hallazgo de libros y papeles pertenecientes a este Centro [Liceo de la Juventud de Santiago], que tanto influyó en la vida intelectual compostelana...” (Álvarez Ruiz de Ojeda 2000b: 11).

Parece que a “venturosa casualidad” que tanto desexaba Fermín Bouza Brey, tivo finalmente nome propio: Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda.

2.4. A historia familiar

Imos centrarnos, neste apartado, nunha serie de traballos que, ao noso modo de entender, definen ben á Ruiz de Ojeda como biógrafa de Rosalía. Abordaremos en primeiro lugar o titulado “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”, un discreto epígrafe que non lle fai xustiza á relevante información que contén. En pouco máis de 20 páxinas demostra, grazas aos censos do Arquivo Municipal de Padrón, que, contra o que sostíña a versión xeral e “tradicional”, Rosalía viviu, cando menos desde os cinco anos, en Padrón, en compañía da súa nai, que de ningunha maneira, e contra o que insinuaba a familia de Luis Tobio, agachaba a súa maternidade.

Foi este un artigo impactante no mundo das letras, no que a autora rompía radicalmente coa versión comunmente difundida, a de que Rosalía pasara a infancia afastada da nai. Aproveita a investigadora para reflexionar sobre as falsas verdades que teñen circulado sobre a figura cume do noso Rexurdimento literario (1997d: 479):

Se doutro escritor se tratase, a noticia constituiría a penas unha curiosidade erudita; tratándose de quen é, na consideración xeral, a personalidade literaria máis relevante que ten dado Galicia, a noticia reviste caracteres de acontecemento. Acontecemento excepcional, ademais, por seren tan escasas as fontes documentais que sobre a biografía de Rosalía posuímos.

Sen facer ostentación ningunha, proba un coñecemento fondo e sistematizado da biografía anterior (*Ibid.* 482); faino tan só, para refutala:

⁷ *Cuadernos de Estudios Gallegos* 31 (1955), pp. 201-257.

Os biógrafos de Rosalía propuxeron, para a reunión de nai e filla, datas que tiñan un carácter puramente conxectural: García Martí falou de oito ou dez anos; Couceiro Freijomil, de oito; Gamallo Fierros, de dez ou trece; Alonso Montero, de dez anos, tal vez máis. Mais non dispoñendo, como non se dispoñía, de ningunha fonte documental de valor probatorio, resulta evidente que as cifras manexadas eran simples hipóteses.

Resulta curiosa a apreciación porque ela mesma en *Rosalía de Castro para nenos*, a antoloxía con debuxos de Celso Dourado que preparara en 1988 para a Colección Alba y Mayo das Ediciones de La Torre de Madrid, participa deses falsa verdade que sinala nos seus colegas (1988: 7):

Rosalía pasa a súa nenez na aldea de Castro de Ortoño, ó coidado dunhas tías paternas. Son anos importantes para a futura escritora, que debe a ese recuncho da Galicia rural o coñecemento vivo, directo, da lingua, das crenzas e dos costumes populares que acharán expresión na súa obra. Anos decisivos, tamén, para a formación da súa personalidade, forxada na soidade e no desamparo.

Pasados oito ou dez anos, a nai faise cargo dela. Ambas e dúas vivirán xa en Padrón, xa en Santiago. A pesar do abandono que sufriu, Rosalía non tivo para a nai nin rancor nin reproches.

Álvarez Ruiz de Ojeda antes do seu achado documental partilla a versión “tradicional” á hora de falar da infancia da poeta. Procuramos con curiosidade o mesmo fragmento na edición en castelán do volume, publicado na mesma editorial en 2008, moitos anos despois, co título levemente modificado en *Rosalía de Castro para niños y jóvenes*. Sorpréndenos atopar exactamente o mesmo parágrafo⁸. Resulta moi pouco crible que Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda aceptase que o seu nome figurase nun volume que contén semellante información tras a descuberta do ano 1997. Esta “segunda edición” do libro é, fóra de toda dúbida, unha reedición –e seguramente unha tradución– non autorizada pola profesora.

Non quixeramos rematar a reflexión sobre este artigo biográfico sen anotar unha característica que atoparemos nalgúns dos ensaios da nosa estudosa. Referímonos a que, con frecuencia, das súas palabras parece deducirse que posúe máis información da que aporta. Non se trata de que oculte nada, que sería impropio dela, senón de que semella que sabe moito máis do que nos confía. Nunha nota a pé de páxina, a terceira do artigo que estamos comentando, atopamos a sucinta noticia sobre que María Francisca Martínez, criada de Teresa de Castro e madriña de Rosalía, era tamén filla dun amor ilícito. Explicanos Álvarez Ruiz de Ojeda que Fermín Bouza Brey deu cun extracto da partida bautismal de María Francisca onde se demostra que a vida desta foi semellante á da propia Rosalía. Antóllasenos que tras María Francisca Martínez, agáchase algunha historia que pagaría a pena ser contada e investigada.

Algo semellante sucede con respecto á polémica suscitada por “Costumbres gallegos” (1881). Xa dixemos que a nosa investigadora insinúa que as posturas de Davies e Marina Mayoral deben ser revisadas e que a “polémica –aínda hoxe non ben estudada– debeu de acadar maiores proporcións” (2010b: 72).

Outro traballo decisivo ao falarmos da biografía rosaliana foi “Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a inclusa de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro” publicado no número 39 de *A Trabe de Ouro*.

Este é, ao noso entender, o mellor artigo dedicado a Rosalía, tanto pola información que contén como pola maneira de presentalo. Desde aquí, insistímolles aos nosos lectores para que abandonen agora mesmo a lectura deste artigo e procuren o comentado. Léano con atención. Asistirán perplexos a datos como que até principios do século XIX os expósitos composteláns eran marcados cun ferro ardente para identificalos, lerán que dos 432 nenos que ingresaron no orfanato o ano que naceu Rosalía, faleceron 342 e que a institución deixaba de facerse cargo dos que loxaban sobrevivir

⁸ “Rosalía pasa su niñez en la aldea de Castro de Ortoño (sic), al cuidado de unas tías paternas. Son años importantes para la futura escritora, que debe a ese rincón de la Galicia rural el conocimiento vivo, directo, de la lengua, de las creencias y de las costumbres populares que hallarán expresión en su obra. Años decisivos, también, para la formación de su personalidad forjada en la soledad y en el desamparo. Pasados ocho o diez años, la madre se hace cargo de ella. Ambas vivirán ya en Padrón, ya en Santiago. A pesar del abandono que sufrió, Rosalía no tuvo para la madre ningún rencor ni reproches” (2008: 9).

en canto cumprían os cinco anos. Púñanos na rúa, onde, naturalmente, ben poucos lograban chegar á idade adulta. Descubrirán ademais que o aleitamento dos naipeles era obrigado para as mulleres dos concellos limítrofes con Compostela, que moitos dos nenos transmitían enfermidades como o temido “morbo gálico” (sífilis) que afectaba tanto ás nais que aleitaban como aos irmáns de leite dos orfos e que por iso moitas familias se negaban a aceptar a encomenda imposta pola Inclusa, fuxindo da aldea ou sacrificando os expósitos.

Trátase, segundo cremos, dun artigo definitivo, emocionante e sobrecolledor, extraordinariamente ben redactado, que cualifica á institución como “un medio de eutanasia legal” (1999b: 343), “un lugar onde ningún neno podía considerarse a salvo” (*Ibid.* 342). Emprega unha prosa que conmove ao receptor e que á investigadora lle serve unicamente –¿unicamente?– para demostrar que atendendo os problemas que tiveron que superar o seu irmán e a súa cuñada para recuperar a Laurena, a curmá maior de Rosalía, nacida fóra do matrimonio, era certamente improbable que Teresa de Castro, a nai da futura escritora, pensase, nin por un só instante, en deixala no hospicio.

As poucas voces que se teñen expresado publicamente sobre este texto, parecen igualmente impresionadas. María Xesús Lama (2018) afirma:

Só unha labazada de realidade puntillosamente documentada pode conseguir trasladarnos a aquel mundo xa inimaxinable, onde as criaturas entraban no orfanato polo torno xa medio mortas despois de horas ou días de viaxe coa esperanza de salvarlles só a alma cun apresurado bautizo in extermis, onde os choros dos nenos famentos atronaban as rúas próximas ao Hospital Real.

Dolores Vilavedra, pola súa banda e no mesmo sentido (2018: 11), indica:

Nun inesquecible artigo publicado en *A Trabe de Ouro*, Victoria fixo o que non fixera aínda ningún historiador dos que roldaran a nosa poeta: escribiu a crónica arrepiante dunha institución que, cal burato negro, neutralizou a memoria de tantas meniñas e meniños que por alí pasaron. Rescatando e aclarando un episodio pouco e mal coñecido da vida de Rosalía, Victoria deulle a aqueles nenos e nenas unhas liñas no tantas veces arbitrario libro da Historia.

O da inclusiva é, ao noso entender, un dos grandes artigos da literatura contemporánea. Unido ao anterior, desbotou un vello lugar común, o

da infancia a cargo da familia paterna porque a nai non quixera facerse cargo dela. Derrubou un cliché e logrou que a historia persoal da poeta e as pegadas literarias dela derivada, fosen analizadas a través dunha nova óptica. Unha óptica máis limpa, máis obxectiva, ben documentada.

Un terceiro artigo decisivo é o que, no ano 2000, transcribe o testamento de José Martínez Viojo, pai de Rosalía. Atopa a nosa estudosa o que antes procuraran sen éxito desde Fermín Bouza Brey e Ricardo Carballo Calero a Pilar García Negro. Faino tras unha procura esmerada, consultando, como ela mesma explica, un importante volume de documentación (2000a: 170):

É grato, pois, publicar hoxe o testamento de José Martínez Viojo, documento que non está nin estivo nunca secuestrado, senón a disposición dos investigadores no Arquivo Histórico Universitario de Santiago, onde eu o atopei, despois de interrogar exhaustivamente o fondo notarial de Padrón, que alí se conserva. Foi mester consultar os índices anuais dos documentos protocolados polos notarios padroneses durante un período amplo; cando non había índices, pois non sempre os notarios tomaban a precaución de confeccionalos, fíxose preciso rexistrar páxina por páxina protocolos íntegros, infolios descomunais que poñen medo ó investigador máis paciente.

Desta vez o desmesurado esforzo deu os seus froitos, atopou o documento notarial tan só para poñer en evidencia que nada había nel que aludise a unha descendente. Non podía habelo. Aproveita a ocasión para realizar un retrato do sacerdote nun ton que resulta desacostumado na investigadora (*Ibid.* 177):

Se algo se desprende da documentación sobre José Martínez é que este non veu ó mundo para subverter a orde social establecida, nin para reformar os costumes da Igrexa católica, senón para pasar boamente a vida no seu recuncho aldeán, cantando preces a Deus no coro de Iria e gozando modestamente das bendicións da natureza. Foi Martínez un home humilde, de ningunha ambición intelectual, cumpridor das súas obrigas cotiás, de carácter alegre e nada amigo de atender rumores e murmuracións, aínda que o acusasen de ter ou de consentir amorios.

O aire despreocupado deste fragmento parece apoiarse en documentación que novamente caía e cuxo ofrecemento adía (*Ibid.* 178):

Deixaremos para máis adiante a xustificación demorada desta e outras afirmacións que aquí

facemos de maneira sucinta, pero rigorosamente apoiadas na documentación que coñecemos e obra no Arquivo Diocesano de Santiago. Hoxe unicamente cumpría publicar –e explicar, na medida das nosas posibilidades– o testamento de José Martínez Viojo.

Moi relacionado con este traballo está aqueloutro que sacou á luz no ano seguinte. O protagonista é, nesta ocasión, un pequeno manuscrito no que Ángel Baltar, contemporáneo de Rosalía e amigo persoal do matrimonio, cita por vez primeira a José Martínez, capelán, como pai da poeta. O artigo, titulado “16 de xullo de 1885: primeira mención do capelán José Martínez Viojo como pai de Rosalía de Castro”, resulta un novo acerto.

Non quixeramos pechar este apartado sen facer notar que en “Un novo documento rosaliano: venda outorgada por Rosalía de Castro en 1866” aparecido, como o anterior, na *Revista de Estudios Rosalianos*, aborda a venda dunha pequena terra propiedade de Rosalía de Castro. Este “curiosidade erudita” sérvelle a nosa investigadora para reflexionar sobre os dereitos e deberes que as mulleres casadas tiñan na época. Explica (2002c: 93) que pese a que ter dereito por lei “a independencia sobre os bens propios”, sen a licenza do marido non podían “allealos, gravalos ou defender en xuízo os seus dereitos sobre os seis propios bens”.

Agradece o lector estas contextualizacións divulgativas e didácticas. De doada lectura, serven para que nos situemos e academos unha comprensión global do que se nos está transmitindo. A investigadora recorre a elas con frecuencia. Por citar algúns exemplos: deseña unha completa biografía de Portela Pérez, o antólogo que en 1882 ignorou a Rosalía (1996); é quen de trazar un percorrido polo Padrón de mediados do XIX para que entendamos o ambiente en que se criou Rosalía (1997d), explica a pertinencia literaria dos epistolarios (2004a) para que o lector sexa consciente da súa importancia como fontes de documentación obxectivas e mesmo aborda o funcionamento da Sociedad Económica Amigos del País, só para contextualizar o papel de Manuel Murguía nela (2000d).

Trala lúcida introdución, aproveita para facer ver varias cousas. A primeira que a vendedora asina ante o notario como Rosalía de Castro Abadía, usando os dous apelidos maternos, “que nos recordemos, é a única vez que se denomina así” (Álvarez Ruiz de Ojeda 2002c:

94). A segunda, que o Concello de Lugo ten que estar necesariamente equivocado cando colocou unha placa afirmando que entre 1864 e 1868 o matrimonio Castro-Murguía vivía na rúa de San Pedro, pois en 1866, tanto Rosalía como o seu home e Alejandra, a única filla que tiñan daquela, residían en Compostela. Aproveita, a sempre sagaz Ruiz de Ojeda, para ordenar os enderezos coñecidos do literario matrimonio. Sen comentalos, documenta a provisionalidade doméstica e a itinerancia familiar da escritora.

Se ao falar da Memoria de Licenciatura anunciabamos que a profesora viguesa nunca volvera abordar cuestións lingüísticas cremos chegado o momento de apuntar que, para ela, existía unha relación evidente entre a obra e a vida da escritora. Consideraba que era unha dualidade que malamente se podía separar (2007: 112):

Diríamos que os datos primarios que nos interesan están sempre nos textos literarios pero só cabe acceder a eles coñecendo un contexto que lles dea un significado, da mesma maneira que non é posible xulgar as capacidades de alguén sen calcularlle unha idade, unha biografía, unha formación.

A poesía lírica está desde tempo inmemorial asociada ó impulso autobiográfico e eu creo que na obra de Rosalía hai unha profunda unión entre a súa poesía e a súa experiencia vital.

2.5. O Chantre da catedral de Salamanca e outras amizades literarias

Outro apartado especialmente relevante na investigación da biografía rosaliana será a relacionada coas amizades literarias da escritora. En 1999, a investigadora exhumou unha carta en galego do Chantre da catedral de Salamanca, Camilo Álvarez de Castro, natural de Vilanova dos Infantes (Celanova), amigo persoal de Murguía a quen Rosalía dedica un dos poemas, o número 16 de *Cantares gallegos*. Nesta epístola, o Chantre diríxese á propia escritora para agradecerlle o envío do seu primeiro libro e aproveita para realizar unha crítica moi gabanciosa deste traballo poético. Esta epístola ten ademais a particularidade de ser “a primeira en prosa escrita en galego moderno” (1999c: 467).

A carta foi atopada na Real Academia Galega, unha institución que, non o esquezamos, a nosa investigadora coñecía ben pois prevía realizar a tese sobre a súa historia. Precisamente por iso, afirma categórica que entre a

correspondencia emitida e recibida pola Academia durante a época da súa constitución (1905-6) tan só se conserva unha misiva en galego, debida a pluma de Eduardo Lence-Santar e “concibida nun estilo falsamente popular que a fai risible desde o mesmo comezo” (*Ibid.* 467).

Transcrito o documento, Ruiz de Ojeda (*Ibid.* 468) realiza unha serie de reflexións sobre o comportamento lingüístico do Chantre que deixan entrever unha sensibilidade lingüística requintada e pouco común:

Camilo Álvarez de Castro usa o galego como un sinal de particular estimación, como unha maneira de achegarse afectivamente á súa interlocutora. Deste xeito, a carta é o obsequio que Camilo Álvarez de Castro entrega a Rosalía para corresponder ó que ela lle fixo dedicándolle un poema no seu primeiro libro en galego.

Di a nosa autora a respecto do uso do pronome persoal de segunda persoa, ti, que utiliza o Chantre (*Ibid.* 468-469):

Fai o que endexamais faría nunha situación normal de comunicación: trata de ti a Rosalía. Se o Chantre atúa á súa interlocutora nunha época na que todo o mundo se trataba de vostede, non é porque desexe infrinxir as normas de convivencia máis elementais, senón porque lle escribe en galego, e o galego é, para o sacerdote, a lingua da casa, a lingua da nai, a lingua da afectividade. En certo modo, podemos concluír que a carta do Chantre non se dirixe a dona Rosalía de Castro, escritora e esposa de don Manuel Murguía, señora a quen sempre trataría de vostede, senón que se dirixe a un ente de ficción, a esa “meniña gaitreira” que rompe a cantar no primeiro poema de *Cantares gallegos*.

Este artigo suscitou unha gabanciosa columna de Xosé Luís Méndez Ferrín (1999) no *Faro de Vigo*. Titulada “Crónica do Chantre”, comeza así:

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, unha brillante investigadora que se ocupa moito dos arredores familiares e sociais de Rosalía de Castro, acaba de facernos o regalo dun novo traballo (...). A publicación é interesantísima, pois saca á luz a primeira carta privada que, ao menos polo de agora, coñecemos escrita en galego.

Para investigar a Camilo Álvarez de Castro, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda recoñece ter viaxado a Salamanca. Alí falou con diversas persoas, entre elas, Enrique Llamas, carmelita e historiador, quen a axudou a familiarizarse

coa biblioteca dos Padres Carmelitas de Alba de Tormes, que, naturalmente tamén visitou, e a biblioteca da Universidade Pontificia. Demostra, unha vez máis, ser unha investigadora paciente e tenaz, case teimuda que decidida a lograr o que procura non repara nunca nin no tempo nin no diñeiro que debe investir nas súas investigacións.

Outras “amizades literarias” serán abordadas en distintos traballos. En “Que a morte me tarda: Rosalía vida e literatura” (2007) desvela que Pilar Castro y Alván, a destinataria da dedicatoria dun poema póstumo, en castelán, asinado por Rosalía, era unha amiga de Alejandra, a filla maior. Pilar Castro y Alván morreu con 15 anos, o que conmoveu a poeta. En “Aña de Valldaura, unha amizade catalá de Rosalía de Castro” (2010c), preséntanos a unha admiradora da poeta. Unha escritora pouco coñecida que valora a obra de Rosalía e que lle fai chegar algunhas traducións ao catalán dos seus poemas.

En “Rosalía enferma: carta de Alfredo Vicente a Manuel Murguía”, o único artigo publicado en *Follas Novas*, a revista do Centro de Estudos Rosalíanos desde 2016, ábrese unha veta interesante de traballo, a patobiografía, isto é, o estudo das afeccións. A través dunha carta ofrécelle ao curioso lector unha radiografía das doenzas de Rosalía, dos doutores que a trataban e das terapias que se lle aplicaban

Outro tipo de amizades son as de Álvaro Cunqueiro e Said Armesto, ambos “amigos” de Rosalía inda que, fronte aos casos anteriores, non coetáneos. Os dous protagonizan senllos traballos nos que se fala deles en relación á escritora. No primeiro caso, o de Cunqueiro, a investigadora recolle unha morea de información sobre “Amor i-estancia de Rosalía de Castro”, unha obra do ano 36, hoxe perdida, da que o autor falou en diversas ocasións. Polo que parece, formaba parte das iniciativas que se ían levar a cabo no 37 para celebrar o centenario de Rosalía. Cunqueiro prevía que fose unha obra de certo éxito, publicada ao mesmo tempo en galego e en castelán, na editorial Espasa-Calpe, dentro colección Vidas Españolas.

Non podemos pechar o apartado dedicado aos estudos rosalianos sen citar o artigo “Victor Said Armesto, Rosalía de Castro e Manuel Murguía (con Augusto González Besada ao fondo)” no que Ruiz de Ojeda (2011b: 41) demostra que “non é desacertado nin inxusto afirmar que Víctor Said Armesto é o “primeiro autor” do libro de Augusto González Besada”.

Refírese ao discurso que Augusto González Besada leu, en 1916, con ocasión do seu ingreso na Real Academia Española. Un texto sobre Rosalía que Ruiz de Ojeda considera unha apropiación indebida das fichas e materiais reunidos por Said Armesto, falecido un par de anos antes. A investigadora expresa reiteradamente o seu malestar e incomodo ante unha práctica intelectual fraudulenta que semella doerlle especialmente. Repasemos algunhas das expresións que emprega:

Queda patente que o político non só fai un uso verdadeiramente liberal da información compilada polo filólogo, senón que abunda en translacións literais de palabras e frases, chegando ao extremo de reproducir vulgares erros de pluma. (*Ibid.* 24)

Na nosa opinión, Besada, que veu encher un baleiro, demostra gran liberalidade para servirse de material compilado por Said Armesto; ousadía para manexar fontes que descoñece e non compulsa; cautela para omitir certos datos que non lle parecen consonantes coa imaxe que ten ou quere dar de Rosalía; e, por último, un grande dominio da amplificación, que, como nos ensina a retórica, non só consiste en dar maior extensión a un texto, senón tamén en darlle o debido realce. (*Ibid.* 69)

A biografía de Besada (a biografía que chamo de Besada só por entendérmonos). (*Id.* 69)

É unha Victoria Álvarez até agora descoñecida, especialmente dura, que amosa o seu malestar con insistencia. Parece doerlle tamén o traballo de Pilar García Negro, tradutora do discurso de Besada ao galego:

Moito máis recentes son os eloxios entusiastas, xa referidos de dous relevantes estudosos de Rosalía e políticos nacionalistas galegos, María Pilar García Negro e Francisco Rodríguez. (*Ibid.* 59)

Nós consideramos que a biografía de Besada carece de valor documental. Pero, indubidablemente, debe de ter valor literario, dado que tantos escritores cualificados de diversas xeracións llo teñen recoñecido. (*Ibid.* 69)

A causa deste malestar explícase ao comezo do traballo (*Ibid.* 23):

Non se refire ao filólogo –Said Armesto–, por exemplo, unha lectora tan cualificada como María Pilar García Negro, promotora dunha recente edición do libro de Besada, que ela mesma traduce para o galego e prologa eloxiosamente. Tampouco non o menciona Francisco Rodríguez, que

escribe un epílogo entusiasta a esta terceira edición (primeira en galego) do discurso.

3. Máis que Rosalía

Como en todo estudoso, en Ruiz de Ojeda recoñécense determinado tipo de querenzas e intereses. Non só en canto aos temas de investigación que escolle, senón tamén en canto ao tipo de traballos que emprende. A este respecto, cómpre insistir en que sempre foi unha muller de criterios claros; obsérvese que, ademais de sobre Rosalía, deixa traballos –importantes e numerosos– sobre Eduardo Blanco Amor, Eladio Rodríguez González, Manuel Murguía, Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal.


Da nómina anterior, despréndese que, en xeral, prefire os intelectuais do XIX inda que rompe violentamente este razoamento Eduardo Blanco Amor que é, cuantitativamente, o escritor a quen máis páxinas dedicou tras Rosalía. Aí quedan traballos fundamentais como o magnífico exercicio de síntese que realiza en *Entrevistas con Blanco-Amor* (1994) ou a fermosísima guía de lectura de *A esmorga*, preparada para Edicións Xerais de Galicia en 1997. Nas páxinas desta última, describe con elegancia ao autor a quen dedica o traballo (1997a: 22):

De orixe humilde, foi, intelectualmente, un autodidacta, e o seu gran talento e as súas calidades para a vida de relación –era un home de gran atractivo– permitíronlle fuxir dun destino mediocre. Fadado co don da palabra, ás palabras dedicou toda a súa vida: foi escritor, periodista, conferenciante, profesor de oratoria, director de escena, recitador e, incluso, actor ocasional e ocasional e magnífico intérprete de alalás. Foi emigrante, republicano e homosexual, tres condicións que o situaron nunha certa marginalidade. Independente e individualista, ansiou sempre o recoñecemento público, pero este chegoulle, quizais, unha miguíña tarde.

Cunha introdución que é un portento de redacción e cun completísimo plano da cidade onde se recolle con detalle o traxecto percorrido por Cibrán, Bocas e Milhomes; a guía inclúe tamén un documentado traballo sobre a literatura galega no exilio.

Non sabemos se partiu dela a idea de elaborar unha ruta turística pola cidade, iniciativa que levaría á práctica a finais dos 90 o Club Alexandre Bóveda, con Marcos Valcárcel e Afonso Vázquez Monxardín á cabeza; o que si sabemos, con seguridade, é que en 1997, nas xornadas sobre Blanco Amor que se celebraron en Ourense a mediados de setembro, propón (1997d: 136):

A creación, aquí en Ourense, dun “Día de *A esmorga*”, unha conmemoración anual que sirva como homenaxe a Blanco-Amor e como homenaxe a unha novela emblemática da literatura galega. Para iso cumpriría elaborar unha ruta esmorguiana, seguindo escrupulosamente as indicacións da novela, para o cal ofrezco, desde aquí, o mapa que eu elaborei no meu xa citado libro, *Unha lectura de A Esmorga*. Esta ruta debería realizarse un día de primeiros de novembro, que é cando sucede a acción novelesca, e levaríanos desde os arrabaldos de Ourense até o corazón mesmo da cidade a través de innumerables voltas e revoltas. Habería, por suposto, que reparar forzas nalgunha taberna ou mesón, onde se servisen os mesmos manxares (...) chourizos asados, pantrigo, castañas e viño (...) habería tempo tamén para ler, nalgún punto do itinerario, algunhas pasaxes de *A esmorga*, para organizar algunha tertulia (...), algunha representación teatral (...) un simposio no dobre sentido: banquete e conversa sobre algunhas páxinas da novela.




Cónstanos que Victoria Álvarez foi unha lectora atenta da totalidade da obra de Eduardo Blanco Amor. En 1997, cando a Editorial Galaxia reedita *La catedral y el niño*, leuna devagar, cotexándoa atentamente cun exemplar da primeira edición e tomando numerosas notas. Tan meditada lectura suscitou decenas de páxinas manuscritas que deixa inéditas. Con todo, cremos que *A esmorga* foi a novela que máis apreciou (2002e: 31):

Máis de corenta anos pasaron desde a súa aparición e a carga transgresora de *A esmorga* permanece intacta. Porque, xa desde o título, todo en *A esmorga* é unha celebración do exceso e da transgresión. Na tradición esperpéntica iniciada por Valle-Inclán, Blanco Amor ofrece

unha visión desgarrada dunha Galicia tráxica e primitiva. A linguaxe, directa e de fonda raizame popular, fai desta novela a obra mestra de Blanco Amor e un dos cumes da literatura galega. Dura, brillante e imprescindible.

Parte do interese por Blanco Amor compartiu-no e alimentouno na tertulia do café Goya, de Vigo, á que asistiu durante anos e onde cadra-ba con Xesús Alonso Montero, co fistor Antonio Alonso Fontán, con Ramiro Fonte; ocasionalmente, con Horocel, fillo de Aníbal Otero, e, moi especialmente, con Gonzalo Allegue, grande amigo da investigadora, a quen agradece a posibilidade de publicar *Entrevistas con Blanco-Amor* (1994a: 11): “A elaboración do presente volume xorde dun compromiso de amizade co editor desta colección, Gonzalo Allegue, autor, tamén, dunha excelente biografía de Eduardo Blanco-Amor [*Eduardo Blanco-Amor: diante dun xuíz ausente*, nesta mesma editorial]”.



No prólogo, Xesús Alonso Montero (1994a: 9) explica en que consiste o traballo que estamos a piques de comezar a ler:

Elaborou estes índices Victoria A. Ruiz de Ojeda, que é a responsable intelectual da edición deste volume. A editora arranxa o volume a partir de setenta e nove entrevistas, inxente material do que selecciona certas respostas, que, organizadas con axeitado criterio, ofrecen ó lector trece apartados, que xa son esenciais para entendermos, desde dentro do autor, capítulos moi significativos da súa existencia e do seu labor literario. Nas notas, ponderadas e precisas, a editora non regatea esforzos para colaborar, cando cómpre, co lector.

Outra figura na que estaba moi interesada Ruiz de Ojeda e a quen dedicará moitas horas de investigación é a Manuel Murguía. En *Rosalía para nenos* defíneo como segue (1988: 9):

Manuel Murguía –historiador, crítico, arqueólogo, poeta, novelista...– adicou a súa enciclopédica obra a esta causa, e dominou, coa súa personalidade, toda unha época. Home de gran cultura, pero de máis grande intuición (...). Rosalía encontrou nel a comprensión, o apoio e o estímulo que, como escritora, precisaba.

Con certa frecuencia, reflexiona sobre a relación entre Rosalía de Castro e o seu esposo (2007: 112): “A profunda compenetración intelectual (...) que había entre Murguía e Rosalía. Un matrimonio ten moitos aspectos e no matrimonio de Murguía e Rosalía esta compenetración intelectual era moi importante, era moi intensa”. Recoñece abertamente a importancia que el tivo na obra da escritora, pero reivindicada que (*Ibid.* 106): “Murguía, que era un home moi superior intelectualmente á media dos homes cultos da súa época, era un home do seu tempo (...) ademais de preservar a súa intimidade, sostén unha determinada concepción sobre o papel da muller na sociedade. Era un home do seu tempo nisto”. Esta mesma reflexión, algo máis demorada, atopámola na antoloxía para nenos do 88 (1988: 9):

Mais se ben é certo que Murguía foi un colaborador valioso (seica imprescindible), non é menos certo que a súa intervención non foi sempre positiva. Sobrevivindo en máis de trinta anos a Rosalía, encargouse de edita-las súas obras, eliminando, corrixindo ou engadindo o que creu oportuno. Chegou ata a destruí-la súa correspondencia, que hoxe sería inestimable para reconstruírmos unha traxectoria humana e ideolóxica. Tal vez con boa vontade, pero con moi mal acerto, Murguía quixo presentar unha imaxe convencional da súa dona. E é que as súas ideas sobre o que debe se-la muller ficaron moi por debaixo da muller que foi Rosalía.

Un traballo esclarecedor, no que comprobamos os coñecementos de Ruiz de Ojeda sobre Murguía, é o publicado no número 147 da revista *Grial*, un longo e erudito texto titulado “Manuel Murguía e a Sociedade Económica do País de Santiago (con dous textos inéditos do historiador)”. Nel, explícase cal foi a relación do primeiro presidente da Real Academia Galega coa Sociedad Económica (2000d: 428):

Alumno, de neno, da súa Escola de Debuxo; invitado a participar nas deliberacións do Con-

greso Agrícola; comisionado pola Sociedade para escribir a Historia de Galicia; designado socio de mérito da corporación; promovido para Cronista de Galicia, e subvencionados algúns dos seus libros mediante a adquisición de exemplares, non cabe dúbida de que a Sociedad Económica distinguiu a Murguía de maneira excepcional.

Os apuros económicos do historiador e da súa familia, motivan esta reflexión (2000d: 414): “Murguía debería manterse pola súa conta o tempo que durase a súa investigación, custeándose os libros e viaxes necesarios, e, unha vez terminada, tería que adiantar diñeiro a un impresor para que este lle editase o volume”. A sensibilidade da investigadora co traballo pouco recoñecido e mal pago do patriarca do Rexurdimento fai que pensemos na súa propia experiencia.

Noutra orde de cousas, o compromiso cos humildes escintila con non pouca frecuencia na obra de Álvarez Ruiz de Ojeda. Se o comprobamos no artigo da inclusa, neste que estamos analizando agora, atopamos parágrafos que impresionan polo seu compromiso e sensibilidade. Falando da actitude de Murguía ante a inmigración dos galegos en Cuba, comenta (2000d: 425):

Díxose entón que a inmigración galega resolvería os males da Illa; ela substituiría a man de obra escrava; ela abarataría o prezo dos salarios; ela daría cos seus aforros capital bastante para fundar unha caixa de descontos. Algúns centos de galegos, moitos dos cales non sabían onde estaba Cuba, nin a qué se comprometían, venderon a súa liberdade durante cinco anos a cambio dun xornal desproporcionalmente inferior ó do traballador libre, e que non chegaba á metade do que gañaba un obreiro escravo (...). Decimados por unha epidemia, brutalmente explotados, os galegos desertaban do seu contratista; fuxidos, vagaban pola Illa na procura dunha colocación, a pediren esmola e refuxio.

Co tempo, Álvarez Ruiz de Ojeda converteuse nunha especialista en Manuel Murguía. As horas pasadas na biblioteca e no arquivo da Real Academia Galega mentres reúne materiais para a súa tese, lévana a consultar epistolarios, actas e todo tipo de material bibliográfico. O recoñecemento chégalle mesmo da pluma de Xosé Ramón Barreiro, autor da máis completa biografía sobre o autor de *Los precursores*, publicada en Galaxia no ano 2012. Nas primeiras follas do exemplar que lle regalou á nosa homenaxeada, escribiu:

Para Victoria, investigadora exemplar e á que tanto lle debe este libro.

¡Con admiración e afecto!

X. R. Barreiro

13-VII-2012

No corpo do libro, Barreiro non escatima eloxios á investigadora. Sobre o traballo publicado no *Boletín da Real Academia Galega* do ano 2000, onde se recolle a bibliografía de Murguía, dirá (2012: 870-871):

A bibliografía de Murguía, tan difícil de precisar pola súa complexidade, reiteración de artigos en distintas revistas e xornais, e perdas do tesouro hemerográfico galego, atopou, por fin, na profesora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, a investigadora que con tenacidade e, sobre todo, cunha irreprochable metodoloxía, foi capaz de abrir camiños na selva bibliográfica murguiana. O seu traballo “Para unha bibliografía, correcta e completa de Manuel Murguía” (...) é modélico.

3.1. Epistolarios e bibliografías

En canto ao tipo de traballos que acomete a profesora viguesa, chama a nosa atención a importancia concedida ás bibliografías e epistolarios. Como bibliógrafa foi o suficientemente paciente e meticolosa como para ordenar, cando menos, os traballos de Luís Seoane (1994b), de Xesús Alonso Montero (1999a), de Manuel Murguía (2000c) e da propia Rosalía (2002d).

En xeral, son listaxes extremadamente completas e ben resoltas, agrupadas en apartados perfectamente claros, numerados, nos que se agrupan os distintos tipos de publicacións por orde cronolóxica. Con frecuencia alude a reedicións e traducións. En ocasións, non sempre, estes catálogos están ademais introducidos por pequenos textos aclaratorios.

Especialmente extenso e interesante é o que acompaña a bibliografía de Xesús Alonso Montero, incluído no primeiro volume de *Cinguidos por unha arela común*, a obra homenaxe que se lle ofrece ao profesor co gallo da súa xubilación. A nosa investigadora afirma, humildemente, que se trata de “un reconto da obra impresa do profesor Xesús Alonso Montero desde 1951 a hoxe, marzo de 1999” (Ruiz de Ojeda 1999a: 29). En realidade, as case 75 páxinas que ocupa, recollen, en 20 capítulos, unha completa exposición de todo tipo de referencias bibliográficas perfectamente agrupadas e clasificadas.

Nese caso, a profesora explica cales foron as fontes nas que se documentou, os atrancos que atopou á hora de elaborar a listaxe, a inclusión de inéditos e xustifica a ausencia de determinados materiais. Entre estes últimos, destaca (*Ibid.* 31):

A súa colaboración en numerosos programas e documentais culturais de audio e de vídeo, e outras actividades directamente relacionadas, cos libros e co libro galego en particular, como a dirección de coleccións tan significativas como Aquí y ahora e Fondo de cultura gallega, da Editorial Celta, e Arealonga e Arealonguía, de Akal Editor. Por último, queda fóra deste reconto a obra oral de Alonso Montero, non menos importante que a impresa, como ben sabemos os que algún día fomos os seus alumnos na cátedra e os que tiveron e teñen ocasión de escoitalo na tribuna, na conferencia e no mitin.

O explicado dá boa conta da exhaustividade e da meticolosidade empregadas. As bibliografías son, para a autora, unha fonte de saber fiable que permiten, ademais, unha visión xeral da obra e do traballo dos bibliografados. Amiga, como vimos, de contrastar información, entende que vanlle ser de utilidade aos posibles investigadores.

Crémonos con datos para indicar que Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda viu nos epistolarios outra fonte utilísima de información e seguramente por iso vai recorrer a eles con frecuencia. Falamos xa das misivas que Murguía dirixe a Francisco Portela Pérez, da carta do Chantre de Salamanca á propia Rosalía, da que Tobio redacta para Fermín Bouza Brey e da que Alfredo Vicenti asina preocupándose pola saúde da escritora. Apenas nos detivemos nas cruzadas entre Manuel Murguía e Victor Said Armesto e nin sequera mencionamos a carta que Cunqueiro lle escribiu a Otero Pedrayo en 1936, exhumada pola investigadora na Fundación Penzol, onde se informa a don Ramón do traballo titulado: “Amor i-estancia de Rosalía de Castro”.

Se abandonamos os estudos rosalianos, veremos que a nosa investigadora recorre aos epistolarios en varios dos seus estudos. Serían inseribles neste apartado, traballos voluminosos como “Eladio Rodríguez González e a Real Academia Galega: crónica e epistolario” do ano 2000, “Manuel Azaña e Eduardo Blanco Amor: epistolario inédito (1935-1944)” publicado en *Grial* en 2004; do mesmo ano sería tamén: “A correspondencia de Curros Enríquez (con especial referencia ás cartas dirixidas a Andrés

Martínez Salazar)” e de sete anos despois o precioso artigo “Testemuños dunha orientación artística”, homenaxe a Lolita Díaz Baliño, irmá de Camilo Díaz Baliño e tía de Isaac Díaz Pardo. Nesta ocasión reúne un total de 14 cartas dirixidas pola artista ao seu irmán. A primeira datada en 1929, as últimas no ano 1934. Fainos saber que (2011d: 114):

Trátase dun epistolario íntimo, no que queda de manifesto, ante todo, o vínculo afectivo de Lolita co seu irmán maior e coa familia deste (...)

Pero nas cartas fálase tamén de traballo, dun proxecto de exposición conxunta, do labor realizado por Lolita como tesoureira na Asociación de Artistas da Coruña, do éxito dunha exposición do irmán, Ramiro Díaz Baliño. Así o pequeno epistolario testemuña a orientación profesional e artística que Camilo Díaz Baliño exerceu sobre Lolita.

Nótase que Lolita Díaz impresiona e seduce a Álvarez Ruiz de Ojeda, filla ela mesma de pintor e grande amante da arte; que sendo nova tentara, sen éxito, ingresar na Academia de Belas Artes de San Fernando (Madrid) ao rematar os estudos secundarios, antes de matricularse en Filoloxía. O traballo apareceu no número 27 da *Festa da Palabra Silenciada*, coñecida publicación feminista viguesa cuxa directora, María Xosé Queizán, mantiña unha relación de amizade con Victoria Álvarez. Ela será quen a convide a publicar na coidada revista, alentando e reflectindo publicamente o seu compromiso feminista. En realidade é doado identificar en boa parte do discurso público de Ruiz de Ojeda, un compromiso permanente coas mulleres.

En “Lembranza de Ricardo Bastid (1919-1966): luces e sombras”, sérvese dos epistolarios do filólogo vasco Koldo Mitxelena, de Manuel Lamana e de Ricardo Muñoz, para aclarar a traxectoria vital de Bastid, autor do retrato máis coñecido de Ramón Piñeiro, aquel que estivo colgado fronte á famosa mesa camilla mentres el viviu e que hoxe se custodia, en idéntica posición, na recreación do famoso despacho, instalado na Fundación Penzol. Bastid, citado até o ano 2011 en Galicia como

“Bastif”, debe á nosa profesora o final da reiterada gralla.

“R. Bastif”, artista que nunca existiu. Sucede que “R. Bastif” é unha lectura errónea da sinatura que amosa o debuxo, que di: “R. Bastid/ 47”. O cambio dunha letra non é cousa de pouca importancia: modificar unha letra significa crear un artista inexistente, operación divertida e incluso necesaria, en ocasións, pero non nesta, dado que se lle furta o nome e a obra ao verdadeiro artista. Quixeramos poñer couto a este infortunio onomástico –un máis, en quen tivo tantos–, pois, xa que o fixemos ingresar na cultura galega por ser retratista de Piñeiro, é xusto que o coñezamos co seu propio nome, e non con un deturpado. (Álvarez Ruiz de Ojeda 2011a: 66)

Como investigadora imparcial que procuraba ser a Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda intereseáronlle, e moito, os epistolarios. Considera que, no estudo do literario, estes textos proporcionan información relevante (2004a: 599):

Reunir e editar a correspondencia dun autor representa un grande avance para o seu estudio. As cartas poden iluminar parcelas descoñecidas ou pouco transitadas dunha biografía; fornecen noticias sobre a formación intelectual, lecturas, influencias e relacións; desvelan os presupostos e intencións da escrita; axudan a precisar a cronoloxía e a historia dos textos.

En ocasións, redacta sentencias verdadeiramente fermosas (*Ibid.* 609):

Ler un epistolario é, en certo sentido, como asistir a unha obra de teatro. O ton cambia en función do destinatario. Curros modula a súa voz de maneira distinta con cada correspondente.

Cando lin por primeira vez as cartas de Curros Enríquez a Martínez Salazar experimentei a impresión de estar ante un descoñecido. Porque, en efecto, estas cartas revelan unha imaxe que ata agora non coñeciamos.

A ausencia de disciplina cando se traballa con este tipo de material, provoca o malestar de Ruiz de Ojeda (*Ibid.* 603): “Aínda que as transcrisións non son o coidadas que sería de desexar, a obra de Vilanova⁹ amosa un rigor e precisión ata entón descoñecidos nos

⁹ Refírese a Alberto Vilanova Rodríguez, autor de *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, publicada en Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires en 1953.

estudos currosianos”. Pouco máis adiante, crítica o desleixo e a ocultación de información que comproba nunha edición da poesía galega de Curros preparada por Elisardo López Varela, que inclúe algunhas cartas do celanovés (*Ibid.* 605): “Labor loable, que sería irreprochable se, como é norma, mencionase a localización dos inéditos (arquivo, biblioteca, colección particular...)”.

3.2. Traballos singulares

Quixeramos citar finalmente algúns dos traballos da estudosa que se apartan das liñas de investigación anteriormente descritas. Teñen estes escritos, ao noso entender, moito que ver coas variadas inquietudes que desenvolveu e cultivou en vida. Muller culturalmente inqueda:


Amou os libros de viaxes, as memorias das escritoras, certos tratados de Historia, as boas biografías e as guías literarias das grandes cidades históricas (...).

Sabia lectora de libros de cociña, colleccionou curiosos textos con menús en lingua galega ao tempo que reunía a mellor colección de ex libris de Galicia, unha das facetas da súa paixón bibliofílica. (Alonso Montero 2018)

Victoria Álvarez só nos mostrou unha parte, unha pequena parte, do seu traballo. Unha cantidade importante do material que reuniu, do que investigou, quedou inédito. É mágoa.

Entre o publicado, antóllasenos extremadamente meritorio: “Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega”, un traballo aparecido en 1992, no *Anuario de estudios literarios galegos*. Un documentado artigo erudito, non alieo a certo ton lúdico, máis ben infrecuente na obra da investigadora: “Eu, que desde hai algúns anos me librei a esa actividade entre políciaca e erudita, quixera, nestas páxinas, asomarme a ese terreo. Que elas sirvan, a un tempo, como invitación e petición de axuda” (1992: 70).

Comeza afirmando que a palabra pseudónimo é un termo de recente creación, que non existía en grego clásico. Os falsos nomes remóntanse á época renacentista, aos primeiros anos da imprenta. Será na segunda metade do XV, coa institucionalización do nome de autor, cando todo mude radicalmente. A partir dese momento ao autor comézanselle a esixir deberes, é o responsable daquilo que creou que, grazas á difusión impresa, chega a moitas persoas. É entón cando se pon en marcha a censura. O



pseudónimo comeza a ser un bo método de evadir responsabilidades ou polo menos de diluílas. A reacción non tarda en chegar: en 1551 declárase herexía non asinar as obras.

Victoria Álvarez espalla ao longo do seu artigo unha morea de datos curiosos. A reprobación universal da práctica da pseudonimia, o feito de que na nosa literatura son relativamente escasos os casos de anonimia e a constatación de que a pseudonimia ocasional é o máis frecuente nas nosas letras. Afirmar ademais que un pseudónimo estable chega a funcionar como verdadeiro nome e que na literatura galega moi poucas mulleres optan travestirse cun nome masculino, son moito máis frecuentes os casos de escritores que usan nome de muller:

Foi Valentín Lamas Carvajal o primeiro escritor galego que utilizou, en galego, un pseudónimo feminino. En 1876 *El Heraldo Gallego*, publicación ourensá dirixida por Lamas Carvajal, convocou un concurso de poesía que patrocinaba o coñecido mecenas Modesto Fernández y González. A composición gañadora, “Amor de nai”, aparecía asinada por Arminda Flora Serrano, encantador nome tralo que se amparaba o propio director do periódico. (*Ibid.* 78)

O relato de casos singulares volve ameno o texto. Constatamos tamén ese compromiso coa reivindicación feminista que sinalabamos anteriormente (*Ibid.* 80):

Mentres a muller, serodidamente incorporada á actividade literaria, ocúpase en definir a súa propia voz, o home, que disfruta desde sempre de voz propia, pode compracerse en modular, en ocasións, unha voz feminina. Se na raíz do

pseudónimo está o desexo de ser outro, o outro por excelencia é a outra. O home, educado na fascinación e no misterio do “eterno feminino”, gusta de penetrar, aínda que sexa pola porta falsa, no mundo da muller. So capa literaria, eles xogan a ser elas. Paradoxas do patriarcado.

Outro artigo que paga a pena comentar, sequera minimamente, é “«O Raposo e o Galo», un conto de animais” aparecido no volume *Comentario de textos populares e de masas*, coordinado por Claudio Rodríguez Fer, en 1994. Un extenso comentario. realizado previa encargada, que se centra nun dos relatos incluídos en *Contos populares da provincia de Lugo*, tomo preparado por Ricardo Carballo Calero seguindo o recollido por Julio Simón Casal na escola de Vilanuiz (Quiroga) e publicado na editorial Galaxia no ano 1963.

Nas breves páxinas que ocupa, a autora demostra, coa discreción que lle era habitual, ser boa coñecedora dos traballos de Afanasiev, Vladimir Propp e James George Frazer sobre os contos e a pegada dos animais humanizados na literatura popular. Os grandes fabulistas, como Esopo e Samaniego, as narracións do Arcipreste de Hita e as referencias aos relatos bíblicos, vanlle servir para contextualizar e analizar un breve texto que agocha máis información da que parece. Quizais, por iso, conclúe (1994c: 53):

Os contos populares de animais, deparan, polo seu contido mesmo e as súas posibles lecturas, importantes sorpresas, ademais de seren todas elas relaxantes e dotadas dunha gracia primixenia, inalcanzable para a literatura culta. Por outra parte, e por pouca habilidade narrativa que se posúa, constitúen un recurso de efecto seguro, e son os que máis agradece o público infantil.

¿Por qué, pois, non comprobalo?

Sirvan estes dous traballos para demostrar que as incursións, breves pero efectivas, da autora en terreos publicamente pouco explotados, sorprende polo traballo desenvolvido, pola documentación demostrada e pola calidade da redacción que emprega, características que lle serán habituais ao longo da vida. Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda centrou publicamente a súa actividade intelectual en eidos moi concretos, o que non implica que, na intimidade, cultivase outros, variados e diversos; e, con

frecuencia, afastados das letras galegas, que, lamentablemente, en moi contadas ocasións, fixo visibles.

4. Conclusións

Agardamos ter demostrado nestas páxinas que calquera estudoso da obra de Rosalía de Castro e, desde logo, todos os profesores de Lingua Galega e Literatura de ensino medio, coñecen, quizais de maneira indirecta, as fundamentais descubertas realizadas neste terreo por Álvarez Ruiz de Ojeda. Todos saben que á versión que, durante anos, sostivo que María Teresa de Castro fora unha nai “desnaturalizada”, que non se ocupara realmente da súa filla até que esta foi unha adolescente ou preadolescente, é hoxe unha falacia superada. Non se sosteñen tampouco algúns dos tópicos difundidos sobre a paternidade de Martínez Viojo nin sobre a educación da futura escritora. Estas e outras achegas débense, inda que moitos o ignoren, á profesora vivesa que homenaxeamos neste artigo.

En relación co anterior, cómpre ter presente que inda que non o expresa nunca abertamente, moitas das indagacións e das irrefutables aportacións que fixo, deixan entrever que, en realidade, estaba pouco de acordo coas afirmacións que se levaban feito.

Foi, que dúbida cabe, unha investigadora erudita e contumaz, empeñada en rastrexar os datos nos arquivos, procurando información contrastada que demostrase empiricamente aquilo no que se ocupaba. Non sempre o esforzo pagou a pena pero, cando o fixo, foi de maneira definitiva.

Grazas ao seu férreo empeño e dedicación, coñecemos mellor a biografía rosaliana, tanto a íntima como a intelectual. A súa discreción, o feito de non participar dos círculos culturais galegos, silenciou, en boa medida, o seu traballo. Un traballo que é de xustiza reivindicar e colocar no lugar que lle corresponde.

Finalmente, cremos tamén xustificada a valía dos outros ensaios que emprendeu. Cursos, Murguía, Lamas Carvajal, Bastid, Víctor Saíd Armesto... despertaron a súa curiosidade e movérona a traballar, facendo que a historia de literatura galega fose mellor e máis precisa. Demostrándonos, ao resto dos investigadores, a relevancia dun traballo rigoroso e ben documentado.

5. Referencias bibliográficas

- Aleixandre, Marilar (2018): “María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda: A muller que iluminou Rosalía”, *Sermos Galiza* 315, 27/09/2018, p. 4.
- Alonso Montero, Xesús (2018): “Loito na investigación galega”, *La Voz de Galicia* 30/10/2018.
- Álvarez, Rosario e Dolores Vilavedra (coords.) (1999): *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.
- Lama López, María Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Vigo: Galaxia.
- (2018): “María Victoria Ruiz de Ojeda, escritura e paixón”, *Galicia Confidencial* 25/09/2018 (<http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/78394-maria-victoria-lvarez-ruiz-ojeda-escritura-paixon>).
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1999): “Crónica do Chantre”, *Faro de Vigo* 24/12/1999.
- Vilavedra, Dolores (2007): “Que a morte me tarda: Rosalía, vida e literatura”, en A. Blanco (dir.) e M. Piñeiro (coord.), *Diálogos na Casa de Rosalía II: Fundación Rosalía de Castro (decembro 2005-2006 xuño)*. [Padrón]: Patronato Rosalía de Castro, pp. 98-104.
- (2018): “Unha especialista nos estudos rosalianos”, *Grial. Revista galega de cultura* 219 (outubro-décembro), p. 11.

6. Apéndice. Aportación á bibliografía de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

6.1. Éditos

6.1.1. Libros

- (1988): *Rosalía de Castro para nenos*. Madrid: Ediciones de la Torre [a editorial publicou unha tradución castelá en 2008 co título de *Rosalía de Castro para niños y jóvenes*, da que non é responsable a autora].
- (1997a): *A Esmorga de Eduardo Blanco Amor*. Vigo: Xerais.

6.1.2. Compilacións

- (1990): *O Catecismo do labrego e outras prosas, Lamas Carvajal*. Vigo: Xerais [en 2010 úsase este texto de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda en “Declaración d’a doutrina labrega = Declaration of peasant doctrine / Valentín Lamas Carvajal; translation Kirsty Hooper”, *Anthology of Galician literature (1196-1981)*, edición de Jonathan Dunne. Vigo: Xunta de Galicia, pp. 132-135].
- (1994a): *Entrevistas con Blanco-Amor*. Vigo: Editorial Nigra [con prólogo de X. Alonso Montero].
- (1997b): *Galicia: o oficio de vivir. Nenos*. Vigo: Nigra (vol. IV de *Galicia: o oficio de vivir*) [colaboración de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda con Gonzalo Allegue Otero].

6.1.3. Contribucións en monografías colectivas

- (1993b): “Poemas en lingua galega de Carles Riba: a) Facsímil do manuscrito: b) Edición paleográfica”, en X. Alonso Montero (ed.), *Carles Riba e Galicia: Homenaxe no I centenario do seu*

nacemento (edición, prólogo e notas a cargo de Xesús Alonso Montero). Vigo: Galaxia, pp. 177-206 [saíu simultaneamente nun opúsculo coa edición paleográfica].

- (1994b): “Bibliografía”, en X. Alonso Montero (coord.), *Luis Seoane (1910-1979): Día das Letras Galegas 1994*. Vilagarcía de Arousa: Xunta de Galicia, pp. 31-44.
- (1994c): “«O Raposo e o Galo», un conto de animais”, en C. Rodríguez Fer (ed.), *Comentario de textos populares e de masas*. Vigo: Xerais, pp. 39-53.
- (1997c): “*A esmorga*: Unha reflexión e unha proposta”, en *Eduardo Blanco Amor: Actas das xornadas (Ourense, 18 e 19 de setembro de 1997)*. Mesa redonda “Falando de Blanco Amor”. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 133-137.
- (1999a): “Bibliografía de Xesús Alonso Montero”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 29-95.
- (2001b): “O Catecismo do labrego, texto e contextos”, en *Xornadas sobre V. Lamas Carvajal: Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Ourense os días 21 e 22 de outubro de 1999*. Ourense: Xunta de Galicia, pp. 53-67.
- (2002a): “Salvador Lorenzana ingresa na Academia”, en X. Ferro Ruibal (coord. ed. lit.) e A. Pulido (coord. ed. plástica), *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Fundación Premios da Crítica, pp. 53-55.

- (2004a): “A correspondencia de Curros Enríquez (con especial referencia ás cartas dirixidas a Andrés Martínez Salazar)”, en X. Alonso. Montero, H. Monteagudo e B. Tajés Marcote (eds.), *Actas do I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, vol. 1, pp. 600-619.
- (2007): “Que a morte me tarda: Rosalía, vida e literatura”, en A. Blanco (dir.) e M. Piñeiro (coord.), *Diálogos na Casa de Rosalía II: Fundación Rosalía de Castro (decembro 2005-2006 xuño)*. [Padrón]: Patronato Rosalía de Castro, pp. 104-113.
- (2009): “Dúas achegas biográficas: Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro. Sobre as orixes de Rosalía de Castro”, en A. Angueira (ed.), *Rosalía 21*. Vigo: Xerais, pp. 17-23.
- (2010b): “O labor xornalístico de Rosalía de Castro: a elaboración dunha nova imaxe de Galicia”, en R. Aneiros Díaz, X. López García, M. Pérez Pereiro e V. F. Freixanes (eds.), *Xornalistas con opinión II: 20 biografías*. Vigo / Santiago de Compostela: Galaxia / Consello da Cultura Galega, pp. 67-82.
- (2015): “«Á cregaxe», de Manuel Leiras Pulpeiro: unha nota de crítica textual”, *Agora do Orcellón* 30. Vigo: Instituto de Estudos Carballineses, pp. 35-38.
- #### 6.1.4. Artigos en revistas
- (1992): “Os que se ocultan: a práctica do pseudónimo na literatura galega”, *Anuario de estudos literarios galegos* 1992, pp. 69-87.
- (1996): “Sobre a “demisión” de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía”, *Grial. Revista galega de cultura* 131 (xullo-setembro), pp. 389-394.
- (1997d): “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”, *Grial. Revista galega de cultura* 136 (outubro-décembro), pp. 479-501.
- (1999b): “Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a incluída de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro”, *A Trabe de Ouro* 39 (xullo-setembro), pp. 325-351.
- (1999c): “A primeira carta en prosa en galego moderno: Camilo Álvarez de Castro escribe a Rosalía sobre *Cantares gallegos* (1863)”, *Grial. Revista galega de cultura* 143 (xullo-setembro), pp. 455-474.
- (2000a): “Documento para a biografía de Rosalía de Castro, testamento de José Martínez Viojo, presbítero”, *Grial. Revista galega de cultura* 146 (abril-xuño), pp. 169-178.
- (2000b): “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 1, pp. 11-43.
- (2000c): “Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía”, *Boletín da Real Academia Galega* 361, pp. 15-58.
- (2000d): “Manuel Murguía e a Sociedade Económica do País de Santiago (con dous textos inéditos do historiador)”, *Grial. Revista galega de cultura* 147 (xullo-setembro), pp. 399-429.
- (2001a): “Eladio Rodríguez González e a Real Academia Galega: crónica e epistolario”, *Boletín da Real Academia Galega* 362, pp. 9-67.
- (2002b): “Amor i-estancia de Rosalía de Castro: proxectos literarios xuvenís de Álvaro Cunqueiro”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 2, pp. 11-30.
- (2002c): “Un novo documento rosaliano: venda outorgada por Rosalía de Castro en 1866”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 2, pp. 93-111.
- (2002d): “Bibliografía rosaliana (1999-2002)”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 2, pp. 179-235.
- (2004): “Manuel Azaña e Eduardo Blanco Amor: Epistolario inédito (1935-1944)”, *Grial. Revista galega de cultura* 163 (xullo-setembro), pp. 57-71.
- (2008): “Sobre «El Codio» (1864), obra perdida de Rosalía de Castro”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 3, pp. 27-37.
- (2010c): “Aña de Valldaura, unha amizade catalá de Rosalía de Castro”, *Festa da Palabra Silenciada* 26, pp. 56-59.
- (2011a): “Lembranza de Ricardo Bastid (1919-1966): luces e sombras”, *Grial. Revista galega de cultura* 191, pp. 64-73.
- (2011b): “Victor Said Armesto, Rosalía de Castro e Manuel Murguía (con Augusto González Besada ao fondo)”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 4, pp. 15-16.
- (2011c): “16 de xullo de 1885: primeira mención do capelán José Martínez como pai de Rosalía”, *Revista de Estudos Rosalíanos* 4, pp. 205-217.
- (2011d): “Testemuños dunha orientación artística” (edición de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda), *Festa da Palabra Silenciada* 27, pp. 111-126.
- (2012): “Micaela Mutuberría. Unha tradutora descoñecida de Rosalía de Castro”, *Festa da Palabra Silenciada* 28, pp. 77-80.
- (2016): “Rosalía enferma: Carta de Alfredo Vicenti a Manuel Murguía”, *Follas Novas: Revista de Estudos Rosalíanos* 1, pp. 124-143.

6.1.5. *Monográficos literarios en prensa*

- (2001c): “Medio século na Academia Galega. A precaria supervivencia da institución trala guerra permitiu que en Galicia non se rompese a tradición cultural”, *El Pueblo Gallego, Suplemento especial das Letras Galegas* 10/05/2001, pp. 5-7.
- (2001d): “Curros Enríquez en *El Correo Gallego*”, *O Correo Galego, Revista das letras* 13/09/2001, p. 16.
- (2002e): “Celebración do exceso”, *La Voz de Galicia* 16/01/2002 [incluído ese mesmo ano en *Crítica e autores: artigos e entrevistas publicadas en La Voz de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, vol. 1, p. 157].
- (2013a): “Achados documentais. Avances na biografía de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo* 17/05/2013.
- (2013b): “1865: *Cantares gallegos* en Boston”, *A Fondo. Caderno de Análise, Sermons Galiza* 19/12/2013.

6.2. Inéditos

6.2.1. *Libros*

- (1986): *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*. Memoria de Licenciatura. Dir. X. Alonso Montero. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.

6.2.2. *Outros traballos*¹⁰

- (1998): “Para editar os manuscritos dos *Seis poemas gallegos* de Federico García Lorca” [lido no Congreso “García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega”, 1998, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía].
- (2005): “1906-2006: centenario de la Real Academia Gallega” [pronunciado na Habana, Centro

Cultural Dulce María Loynaz, no Salón Federico García Lorca, o 17 de abril].

- (2013): “Avances na investigación da biografía rosaliana” [pronunciado en Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 21 de marzo].
- “Casas de Rosalía”.
- “Familia de Murguía”.
- (*) “Influjo de la poesía de Rosalía de Castro (1837-1885) en tres poetas españoles del siglo XX (Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez y Federico García Lorca”.
- “«La luz masónica» (Santiago, 1870): un diálogo descoñecido, en galego e castelán, contra a masonería”.
- (*) “La poesía en lengua gallega de Carles Riba”.
- (*) “La relación de Gabriel Aresti con la literatura gallega y con los escritores gallegos”.
- “Os primeiros Estatutos da Real Academia Galega (1906)”.
- (*) “Poesía civil en tres linguas: *La pell de brau* (1960) de Salvador Espriu; *Longa noite de pedra* (1962) de Celso Emilio Ferreiro, y *Harri eta Herri* (1964), de Gabriel Aresti”.
- “Prólogo ós Estatutos e Regulamento da Real Academia Galega”.
- (*) “Proxección da Materia de Bretaña na literatura galega contemporánea (1939-2013). Lectura de *Morgana en Esmelle* (2012) de Begoña Caamaño”.
- “Rosalía de Castro, Galicia e os galegos en Eça de Queirós”.
- “Sobre a data de «Dende as fartas oreas do Mondego», poema a Camões de Rosalía de Castro”.
- “Sobre Víctor Said Armesto”.
- “Un galego axudante de Garibaldi. Leonardo Sánchez Deus”.
- “Valle-Inclán, traductor de Eça de Queirós ou un aspecto do “galeguismo”.

¹⁰ Neste apartado citamos os artigos inéditos, só os que a autora deixou redactados con carácter definitivo (debemos estes datos ao profesor Xesús Alonso Montero). Sinalamos con asterisco (*) os traballos que elaborou a autora nos seus cursos da UNED. Da maior parte dos traballos incluídos neste apartado non se ten constancia exacta da data de redacción.